Se nos fixamos no caso das mulleres, a media é superior á xeral no caso do risco de pobreza e exclusión social, chegando ao 27,4%, de xeito que a protección desta parte da poboación debería ser tomada en conta de xeito particular con medidas concretas dirixidas a este grupo social, onde están nestas condicións de vida 384000 persoas, á comparanza co 23,5% de homes afectados, con 305000, existindo catro puntos porcentuais de diferenza entre xéneros. É derivado disto que os fogares a cargo de familias monoparentais, que están formados no 80% dos casos por proxenitoras, se atopan nun estado alarmante na actualidade, con necesidade urxente de medidas que traten de reverter o risco no que se atopan o 52,7% das familias monoparentais galegas, superando cada informe os datos do anterior, cunha tendencia negativa que agrava ano





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tras ano a situación daquelas que se atopan á fronte de familias en solitario, de xeito voluntario ou sobrevido.

Mais non só sofren as familias monoparentais, nos fogares onde hai presenza de menores os índices de risco superan a media en máis de dous puntos porcentuais con respecto ás familias sen crianzas ao seu cargo, chegando ao 27,1%, dato que aclara que a presenza de menores ao cargo agrava a situación de pobreza e exclusión social, sendo un factor empobrecedor segundo os propios informes, polo que a atención cara esta parte da poboación debe ser prioritaria por parte do goberno.

É evidenciada tamén, esta tendencia dos fogares nos que hai menores, cos datos de PMSS, que nestas familias chega ao 10,2%, máis de catro puntos superior que no caso das familias nas que non hai menores ao cargo, dando coma resultado unha media xeral que aumenta segundo os datos de informes anteriores, con cifras de 8,2%.

É deste xeito como, os menores de 18 anos son os que máis alto índice de risco ostentan por idades, dato moi preocupante se se ten en conta que a pobreza se perpetúa nunha alta porcentaxe de casos estendéndose dende a infancia e mocidade ata a idade adulta, condenando ás nosas crianzas e adolescentes a unha idade adulta complicada xa dende moi cedo. Un dato relevante é que a privación material e social severa máis alta por idades é en nenos, nenas e adolescentes, acadando un 12,4%, que indica a elevada vulnerabilidade deste sector da poboación, onde a media xeral é do 8,2%, cunha subida de dous puntos con respecto ao informe anterior.

É evidente que precisamos medidas urxentes e que cheguen á poboación, medidas transversais onde os máis vulnerables sexan o obxectivo, xa que a pobreza aumentaría a máis do dobre (46,6%) sen medidas que traten de paliar. Máis debemos ser conscientes de que, na actualidade, o impacto das axudas chegadas das distintas administracións sobre esta situación se reduciu á metade, co cal os esforzos deben ser





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maiores por parte de todas elas, nun intento de que as cifras se revertan e non se perpetúe a pobreza ou o seu risco naquelas persoas que a sofren.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear o Rexistro de Familias Monoparentais durante os próximos seis meses, coma prazo máximo.
2. Manter unha reunión de traballo coas representantes de asociacións de familias monoparentais de Galiza e calquera asociación adicada ao traballo social relativo ao eido de familia e infancia que desexe participar para intercambiar opinións e dar lugar a unha serie de medidas orzamentadas que teñan coma obxectivo reducir o índice de pobreza das familias monoparentais e fogares a cargo de menores, para implantar a nivel de país e de municipios durante o 2025.
3. Recuperar a Tarxeta Básica de xeito inmediato para que as familias galegas poidan beneficiarse dela o antes posible debido aos resultados obtidos no informe da rede contra a pobreza da EAPN.
4. Recuperar de xeito inmediato o complemento ao bono social térmico suprimido por parte da Xunta de Galiza tras os resultados do informe da rede contra a pobreza EAPN.
5. Crear Observatorio Galego de Familias Monoparentais.”

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 21/10/2024 10:25:47

Olalla Rodil Fernández na data 21/10/2024 10:32:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila**, **Ariadna Fernández González** e do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a creación do Plan MEGA pola Consellaría de Educación, como medio de contratar docentes dándolles ocupacións estruturais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de setembro o PP aprobaba no Consello da Xunta de Galiza, a proposta da Consellaría de Educación, o Plan de Mellora Educativa Plan MEGA, con varios obxectivos, segundo o Goberno galego:

- Reforzar os centros educativos con 400 docentes adicionais para mellorar o éxito escolar, a inclusión e o desenvolvemento integral do alumnado.
- Incrementar o nivel de competencias clave do alumnado e personalizar o apoio educativo.
- Impulsar medidas específicas de atención á diversidade, reforzo das competencias lectora e matemática e para o alumnado estranxeiro.
- Mellorar as eivas detectadas nas avaliacións de diagnose.
- Promover os proxectos referentes en áreas como a promoción da igualdade, a convivencia, o benestar emocional ou a sustentabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que Rueda vendía en rolda de prensa, nada máis rematar o Consello, sobre este Plan era que implicaba unha modernización do ensino centrada en aumentar a eficiencia, a eficacia e a equidade para garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos.

Visto así, parece un gran Plan para resolver todos os problemas que ten o ensino na actualidade, pero nada máis lonxe. Porque se os centros galegos están sen os efectivos de docentes e especialistas que precisan é porque a mesma Consellaría que agora recorre a este Plan conseguido a través de Fondos Europeos, dous meses antes deste Consello de Goberno negaba a todos os centros escolares os efectivos de persoal que precisaban e solicitaban.

O Plan MEGA estrutúrase arredor de seis programas distintos, en diferentes etapas desde infantil ata FP básica pasando por primaria e ESO para dar cumprimento aos obxectivos antes enumerados. Proxectos como:

- Promociona (apoio, participación e promoción do alumnado NEAE),
- PROA+ (reforzo, orientación e apoio),
- reforzo da competencia lectora,
- reforzo da competencia matemática,
- apoio educativo para o alumnado estranxeiro e
- impulso de centros referentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os Programas Promociona e Proa+, serían polo tanto os que estarían destinados a unha maior e mellor atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

A Consellería de Educación, utilizou o Programa Promociona a primeiros de setembro para contratar docentes que, segundo os fondos europeos conseguidos, debían ser destinados co fin expreso da atención ao alumnado NEAE, e pola contra, moitos deles foron asignados para cubrir postos vacantes con funcións ordinarias nos centros educativos, como son as titorías en aulas de infantil ou primaria. Polo tanto os fondos do Plan MEGA foron empregados indebidamente.

Os 159 postos de traballo ofertados o día 9 de setembro dende o MEGA, máis 4 ofertados o día 10, non seguen criterios de ningún contrato programa, como o Proa+, e son adxudicacións de postos de traballo, como xa foi denunciado pola CIG-Ensino estes días. Deste xeito desviaban fondos que deberían destinarse ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, dentro do programa de inclusión educativa financiado con máis de 3 millóns de euros pola Unión Europea a través do Ministerio de Educación.

A trama estaba ben orquestrada. Uns fondos que estaban habilitados dende o 1 de setembro pero os contratos non se formalizaron ata o pasado 9 de setembro e por si a tardanza no nomeamento fose pouca, atácanse os dereitos laborais do persoal docente ao nomealo até o 30 de xuño no lugar de 31 de agosto. Isto pode considerarse ilegal porque este profesorado non está a substituír a ninguén, pola contra realizan funcións ordinarias das súas especialidades. Ademais de producirse unha discriminación, xa que semanas despois estanse a adxudicar prazas para facer o mesmo traballo (docencia ordinaria propia das diferentes especialidades) e sen que tampouco haxa ningunha substitución, mais neste caso con nomeamentos até o 31 de agosto, como é o correcto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A cuestión é que a Consellaría de Educación leva anos minguando os dereitos dos docentes no ensino público, de tal xeito que as contratacións se fan rematando a 30 de xuño en lugar de todo o período de curso escolar, é dicir, entre o 1 de setembro ata o 31 de agosto e desbotan os acordos previos de 2012 que asumían que o persoal que traballara no curso máis de 5,5 meses rematarían o 31 de agosto.

Esta é unha práctica habitual do PP no Goberno da Xunta na que, incluso nos casos de substitucións para todo o curso escolar, a administración educativa, unilateralmente, decide que o remate dos contratos sexa con data 30 de xuño, usurpando así o custo dos docentes no verán, deixando ademais funcións sen realizar durante o mes de xullo nos centros, para finalizar o curso e preparación do seguinte.

Este Plan MEGA que inventaron para poder optar a estes 18 millóns de euros de fondos europeos, é un fraude en toda regra. Non só están a incluír programas que xa existían estes últimos anos, como o Proa+, senón que ademais están a usalo en prexuízo do colectivo docente que tanta falta fai nos centros educativos.

Mentres o Sr. Rodríguez e o Sr. Rueda, venden o maior número de profesores/as da historia, dos 163 contratos realizados mediante o Programa Promociona, 121 teñen contrato a xornada completa, pero 42 (o 26%) tan só traballan a media xornada. Sabendo que centos de escolas en todo o País reclaman persoal especialista para o alumnado NEAE, queda evidenciado a falta de empatía e humanidade das persoas que dirixen Galiza e o ensino público fronte a un problema tan grave que teñen as familias con fillos e fillas nesta situación. Familias que ven como pasarán un curso completo sen a atención que precisan, usando os centros como meras garderías.

A comunidade educativa: direccións, docentes, familias e mesmo o alumnado vai participar masivamente nunha gran mobilización en Santiago convocada para o vindeiro día 26, porque entende que non é de recibo que mentres os centros e o seu





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alumnado carecen dos docentes e especialistas precisos o Conselleiro e o Presidente da Xunta, a conta do persoal docente contratado en precario e da falta de atención do alumnado máis vulnerable, dedícanse á propaganda e a gabarse dunha fantástica xestión para que Galiza conte con maior número de profesorado.

Con esta convocatoria, organizacións que conforman a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, entre outras a CIG-Ensino, ANPAS Galegas, ERGUER, Asociación Socio-Pedagóxica Galega/AS-PG), queren pór de manifesto que a situación do ensino público non fixo máis que deteriorarse nos últimos anos con menos docentes, unha precariedade laboral que obriga a ter máis materias afíns e docentes compartidos por varios centros, menos especialistas para a atención á diversidade, máis burocracia e menos recursos públicos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a

1.- Rematar coa discriminación e precariedade ao que está sometido o persoal docente e especialistas dos equipos de Orientación contratados dentro do Plan MEGA, ampliando as datas do seu contrato a cursos completos, é dicir entre o 1 de setembro e o 31 de agosto, para garantir os seus dereitos laborais.

2.- Adaptar os contratos á finalidade dos Programas que desenvolva a Xunta, cando proveñan de financiamento doutras administracións públicas a través de subvencións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Dotar con efectivos docentes e especialistas o cadro de persoal ou catálogo dos centros educativos, de xeito estable suficientes para a atención que determinen os informes individualizados elaborados polas orientadoras/es con respecto a cada alumno/a con necesidades específicas”.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2024

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Ariadna Fernández González

Ramón Fernández Alfonso

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/10/2024 10:39:47

Ariadna Fernández González na data 21/10/2024 10:39:59

Ramón Fernández Alfonso na data 21/10/2024 10:40:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 21/10/2024 10:40:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre seguridade nos autobuses de transporte escolar na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Federación provincial de ANPAS Costa da Morte trasladounos varios problemas que levan preocupando e moito aos pais e nais do alumnado relacionados co transporte escolar. Por unha banda, seguen sen adaptarse os horarios dos autobuses cos horarios das aulas de ensinanza postobrigatoria nos centros IES Agra de raíces, IES Fernando Blanco e IES Terra de Soneira, e así nos atopamos con alumnos de Fisterra que teñen permiso de Inspección para chegar tarde e saír antes das aulas, debido a esa falta de transporte con horarios adaptados aos do instituto. Unha autorización oficial que tamén afecta aos que veñen de Mazaricos ou Carnota, localidades a uns 20 ou 30 quilómetros de Cee. Os luns hai xornada partida, con clases até as 18.30 horas. Pero o último bus sae media hora antes da estación, polo que non queda máis remedio que saír en tromba do instituto 40 minutos antes que os seus compañeiros e profesores. E os martes e xoves nin sequera hai transporte para asistir ás clases da tarde dende Mazaricos.

E por outra banda, hai liñas de autobuses, con mais demanda que oferta, como ocorre cos autobuses que saen de Fisterra, onde se mesturan alumnos, con outros colectivos con tarxeta gratuíta e con peregrinos que volven a Santiago. Precisamente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocorre a partir da aprobación da Resolución do 8 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se dera publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de xaneiro de 2019 e polo que se autorizaba a integración das diferentes modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galiza para facilitar a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación do Plan de Transporte Público de Galiza.

En dita disposición garátese a atención prioritaria dos colectivos de escolares, mantendo e mellorando os niveis de calidade e prestación de servizos preexistentes, dando así cumprimento aos mandatos do artigo 79.2 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, e facilitando que a rede de transporte público regular de uso xeral presente unha oferta real alternativa ás diferentes redes dedicadas a colectivos singulares como o escolar, que actualmente mantén a Xunta de Galiza, mais a realidade é outra, pois dende hai tempo os autobuses veñen cheos e os escolares teñen que ir de pé no autobús todo o traxecto, incluso cando saen dúas liñas ata Cee.

Normativa como o Real Decreto 443/2001 do 21 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores, ou o Real decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu artigo 117 establece a obrigatoriedade de uso por parte dos pasaxeiros de máis de tres anos de idade do cinto de seguridade ou outros sistemas de retención homologados nos vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas, cintos que deben estar dispoñibles en todos aqueles autobuses que fosen matriculados a partir de outubro de 2007, regulan as condicións de seguridade no transporte escolar, xunto con outros Reais Decretos, leis e Resolucións da Dirección Xeral de Mobilidade.

Máis é certo que o artigo 48.1.b) do regulamento xeral de circulación establece que “b) Para os vehículos que realicen transporte escolar e de menores ou que transporten mercadorías perigosas, reducirase en 10 quilómetros por hora a velocidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máxima fixada no parágrafo a) en función do tipo de vehículo e da vía pola que circula. No caso de que nun autobús viaxen pasaxeiros de pé porque así estea autorizado ou no caso de que o autobús non estea dotado de cinto de seguridade, a velocidade máxima en vías convencionais será de 80 quilómetros por hora.

Cando cremos que nun vehículo de transporte de persoas, parece que todas elas deberían ir sentadas e levar o cinto de seguridade, pois a realidade nos demostra que non, que estas poden ir de pé, como se si ocorre no transporte urbano. E isto pasa porque o goberno da Xunta permite que nalgúns casos nos autobuses de 50 prazas poidan ir persoas de pé, sen ningún tipo de mecanismo de seguridade que impida moverse en caso de accidente. Esta situación dáse na Costa da Morte e os pais e nais a veñen denunciando dende hai moito tempo, sen que a consellería adopte unha solución, dándose unha situación que nunca debera pasar, pois os contratos públicos de transporte obrigan a reservar as prazas dos escolares no autobús, porque cobran por elas, e polo que estes deberan ter sempre praza nese transporte mixto. A Garda Civil de Tráfico ten parado varias veces o autocar pero tivo que deixalo continuar a súa ruta tras comprobar que conta con toda a documentación necesaria para transportar viaxeiros de pé, a pesar de non estar adaptado para iso. Pode corroborara calquera estes feitos solicitando a información oportuna no destacamento de tráfico de Corcubión.

Existe un “Manual de Bos Hábitos para as Persoas Usuarias do Transporte de Escolares” como unha guía didáctica, un recordatorio de medidas para a seguridade de todas as persoas usuarias e, sobre todo do alumnado que acoden aos centros escolares, que se concreta nos protocolos de bos hábitos para que todas as persoas que se desprazan a diario sexan conscientes de que forman parte desta cadea de valor que, como cidadanía responsable, deben compartir para previr riscos en beneficio do benestar de todos/as. Pero o mesmo manual debiera aplicarse a todos os usuarios, acudan á escola obrigatoria ou non, porque ademais de ser recomendable, tamén é obrigatorio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de acordo coas disposicións do RD 443/2001 do 21 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Executar as medidas necesarias para establecer liñas de autobuses adaptadas aos horarios dos centros de ensino non obrigatorio na Costa da Morte.
- Modificar e adaptar a normativa galega para prohibir en todo caso que nas liñas de transporte interurbano os escolares de ensinanzas obrigatorias e postobrigatorias poidan viaxar de pé, e teñan garantidas sempre reserva de prazas”.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Paulo Ríos Santomé

Cristina Fernández Davila

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 23/10/2024 09:37:21

Paulo Ríos Santomé na data 23/10/2024 09:37:39

Cristina Fernández Davila na data 23/10/2024 09:37:58

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2024 09:38:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do ensino público en Ames.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O curso escolar 2024-2025, fronte ás declaracións feitas polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, comezou con multitude de eivas e problemáticas, co consecuente malestar e protestas de toda a comunidade educativa galega. Recortes no ensino que se traducen en faltas de profesorado en todas as etapas educativas e que provocan aulas masificadas, que sofren persoal e alumnado, sobre todo o alumnado con necesidades educativas especiais. Unha situación que afecta a toda a Galiza, e na que o concello de Ames non fica inmune.

O CEIP Ventín é un dos centros máis grandes de toda Galiza con aproximadamente 600 alumnas matriculadas, mais non conta con espazo para habilitar novas aulas, e atópase a estas alturas do curso nunha situación próxima ás 26 alumnas por aula en todas as etapas educativas. Este centro ademais continúa recibindo novas matrículas e, todos os anos, recibe un número importante de alumnado novo durante o transcurso do ano lectivo, especialmente ao comezo do ano ordinario. Alumnado procedente doutros países, en moitos casos con dificultades idiomáticas, que precisa dun apoio, xa non educativo, senón tamén emocional polas situacións complicadas que atravesas. O centro ten perfectamente cuantificado a necesidade de incrementar o cadro de persoas con, cando menos, 7 profesoras máis para atender debidamente a todo o alumnado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A demora na construción do CEIP do Milladoiro repercute directamente sobre estas crianzas e profesionais, que se atopan con aulas completamente masificadas, superiores por suposto a calquera rateo establecido. Mais tamén sofren un servizo de transporte escolar deficiente, xa que existen dúas liñas que contan cun servizo desdoblado que ocasiona desfases no seu horario, derivando en problemas para as familias e o seu dereito á conciliación.

No CEIP Agro do Muíño tamén precisan dun incremento do profesorado, cando menos dunha persoa, para poder apoiar ao alumnado que precisa un reforzo educativo sobre todo nas materias de matemáticas e linguas, nomeadamente no caso de crianzas con necesidades educativas especiais. Desde o mes de agosto, este centro está recoñecido como un centro de liña 3 en Primaria, polo que lle correspondería un 3º especialista de Educación Física, que a Consellería tampouco proporcionou.

Necesidade de profesorado que tamén presenta o CEIP de Barouta, con rateos sobrepasadas en practicamente todas as etapas educativas. A pesar de telas solicitadas, aínda son precisas 5 mestras, unha especialista en Lingua Inglesa, unha en Audición en Linguaxe, así como unha administrativa e unha orientadora a tempo completo, pois actualmente atópase a media xornada.

Mais as problemáticas non se limitan á educación primaria. No IES de Ames tamén se atopan nunha situación de saturación nas aulas. A matrícula no centro a estas alturas do curso escolar supera as 850 alumnas, e isto tendo en conta que podería moi superior se unha boa parte do alumnado de primaria non optase por matricularse en centros de concellos veciños, fundamentalmente Brión e Santiago. O centro, de liña 6, conta con 6 cursos en 1º da ESO cunha media que se sitúa arredor das 30 alumnas por aula, o que ademais do deterioro da calidade educativa e as dificultades na convivencia, supón un atranco na adaptación do alumnado a esta nova etapa educativa. Ademais, o departamento de Orientación móstrase claramente desbordado ante tal volume de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alumnado, ademais de que este centro só conta cunha especialista en PT, pero ningunha en AL.

Ademais, dáse a característica de que este IES, o único do municipio, adoece dunha falta de oferta de Formación Profesionais, pois só ofrece dous ciclos de FP básica, polo que obriga ao alumnado que escolla este tipo de formación a matricularse noutros fóra de Ames.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Reforzar os cadros de persoal dos centros de ensino de Ames, tendo en conta os volumes de alumnado e as rateos que presenta, e prestando especial ao persoal de apoio e especialistas que precisa o alumnado con necesidades educativas especiais, garantindo en todo momento a calidade educativa que recibe todo o alumnado e o cumprimento das rateos establecidas na lexislación.

2º.- Axilizar a construción do CEIP do Milladoiro, e iniciar os traballos para a construción dun novo IES neste concello que inclúa tamén Formación Profesional, tendo en conta as características demográficas de Ames e a situación de saturación que presentan actualmente os centros.

3º.- Garantir o correcto funcionamento do servizo de transporte escolar, de xeito que non se produzan desdobres de liñas como sucede no CEIP de Ventín.”

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/10/2024 13:10:07

Cristina Fernández Davila na data 23/10/2024 13:14:20

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2024 13:14:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas da Xunta de Galiza que eliminan a obrigatoriedade de acreditar o nivel de lingua galega para optar á contratación laboral temporal da mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas pasadas semanas vimos como o informe do IGE a respecto do uso e coñecemento do galego mostraban o peor dato da historia no noso país desde que estes se contabilizan.

Por primeira vez na historia o galego non é a lingua máis falada no noso país e isto débese a moitos factores, pero sen dúbida ás políticas contra a liberdade da nosa lingua do Partido Popular.

Para darlle a volta a esta situación, o Bloque Nacionalista Galego leva anos proponendo medidas amplas e concretas en materia de política lingüística. Medidas entre as que se atopan a promoción e posta en valor do galego no eido administrativo.

Pese a isto e pese ao continuo voto en contra por parte do PP a calquera proposta do BNG en materia de lingua e pese a situación que está a vivir a nosa lingua o goberno da Xunta de Galiza continúa a levar a cabo medidas que atacan a lingua dos e das galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste caso, estamos a falar da obrigatoriedade de acreditar o nivel de lingua galega para optar á contratación laboral temporal da Xunta de Galiza e que o Partido Popular a través da Lei de Acompañamento vai retirar.

Estamos polo tanto, ante unha nova política do PP contra a nosa lingua e que ataca tanto á liberdade de poder empregar o galego co persoal traballador da Xunta de Galiza como á igualdade e prestixio entre o castelán e o galego. Unha medida que ademais vulneraría o dereito da cidadanía a usar o galego nas súas relacións coa Administración pública de Galiza, recollido no artigo 6 da Lei de normalización lingüística, en canto non poderán comunicarse con persoal da Xunta na lingua propia de Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a retirar de xeito inmediato da Lei de Acompañamento a eliminación da obrigatoriedade de acreditar o nivel de lingua galega para optar á contratación laboral temporal da Xunta de Galiza”.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Daniel Castro García

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Taibo Corsanego

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/10/2024 13:14:18

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/10/2024 13:15:15

Iria Taibo Corsanego na data 23/10/2024 13:15:29

Mercedes Queixas Zas na data 23/10/2024 13:15:42

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2024 13:15:52





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas no seu artigo 21 de modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece que se modifica o apartado 1 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactado como segue:

“1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

- a) Cancelación de oficio nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2025, nos casos seguintes:
 - 1.º Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.
 - 2.º Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo con o establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
 - 3.º Montes que non consigan os fins para os cales se subscribiu o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.”

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arboredo existente ocupe unha superficie inferior ao 30 % da total do consorcio





ou convenio, excepto por afectación de incendios forestais posteriormente á data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais a superficie arborizada queimada considerárase como superficie arborizada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30 %.

A efectos do cómputo do devandito 30 % non se contabilizará o arboredo cunha idade inferior aos cinco anos.

“b) Finalización nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2025, momento no que se deberá asinar un contrato temporal de xestión pública que substitúa ao consorcio ou ao convenio finalizado.”

No caso de que non se formalice o devandito contrato no prazo establecido, a persoa titular do monte deberá abonar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma. Para iso, poderá abonalo nun único pago ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de que non se produza o abono total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos na presente lei.

Previamente á finalización ou cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal dos previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, que garanta a continuidade da xestión forestal sostible”.

O Goberno galego leva atrasando a obrigatoriedade de formalizar os contratos temporais de xestión pública desde o ano 2015, (disposición transitoria novena.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 16:41:49
Nº Rexistro: 13731
Data envío: 24/10/2024 16:41:49.759

Montes con consorcios ou convenios coa administración. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

Prorrogando unha e outra vez esta finalización, como sucedeu entre outras coa Lei 11/2014, do 19 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, onde o prazo máximo se prorrogou de tres a catro anos. Polo artigo 54 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, onde este prazo concluía o 31 de decembro do 2021. Coa Lei 18/2021 do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas no seu artigo 17, que no seu apartado b) fixaba a finalización nun prazo que finalizará o 31 de decembro de 2023, ou a lei anteriormente citada.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que proceda a formalizar os contratos temporais de xestión pública para garantir unha xestión forestal sostible.

Parlamento de Galicia, 24 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/10/2024 12:15:43

Lara Méndez López na data 24/10/2024 12:15:57

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/10/2024 12:16:08

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46671

@PSdeG



CSV: BGRISJTBQ3RZ9K6Z65R04
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os plásticos agrícolas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os plásticos agrícolas en Galiza, usados prioritariamente na conservación dos ensilados de millo e herba ou na plantación dos cultivos de horta, supoñen 8000 toneladas anuais, das cales se reciclan 6000, aproximadamente o 75% do total usado, nunhas instalacións de carácter privado destinadas a tal fin en O Cebreiro, O Pino, que comezaron a súa actividade en Galiza en 2006.

O Estado español está entre os 5 primeiros países europeos no mercado de plásticos agrícolas, supoñendo o 5% dos usados no estado, co que iso supón a nivel de residuos, tanto de xeito xeral, coma no concreto do noso país.

Na actualidade, os concellos do país asumen os custos do transporte destes plásticos agrícolas que se producen no sector agrogandeiro, entre 70 e 90 euros por tonelada, facendo recollidas periódicas, que en moitos casos son insuficientes para a elevada produción deste tipo de residuos, en especial en zonas eminentemente gandeiras, do noso territorio.

Entre o modo de proceder a este respecto dos municipios, predomina o acúmulo de plásticos en puntos fixos aos que se transportan dende o lugar onde se xeran para ser despois recollidos. Este tipo de xestión que ten eivas evidentes que todos os concellos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñecen, unha delas e a máis preocupante é que se atopan moitos impropios á hora de cargar os residuos e se converten en vertedoiros incontrolados ao comezar a xuntarse os plásticos moito antes do debido, realidade da que a propia Conselleira de Medio Ambiente foi consciente en visitas a zonas onde se daba este caso de xeito recorrente.

A recollida porta a porta dos plásticos agrícolas pode incrementar nun 15% o custo da xestión destes, máis é unha realidade por todos coñecida que se trata do mellor sistema para este caso, sen esquecer que algúns concellos xa a comezaron a levar a cabo, evitando as problemáticas derivadas dos puntos fixos, coa fin de levar a cabo o proceso do xeito máis rápido e con menos efectos indesexados a nivel medioambiental.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Restablecer o plan de recollida de plásticos agrícolas por parte da Xunta de Galiza, comezando a levalo a cabo no primeiro trimestre de 2025.
2. Garantir que a recollida de plásticos agrícolas se leve a cabo porta a porta, previa solicitude dos interesados en gozar do servizo, de xeito que se minimicen os vertedoiros incontrolados e a presenza de impropios.
3. Garantir catro recollidas anuais de plásticos agrícolas para evitar amoreamento destes residuos nas explotacións agrícolas ou que sexan eliminados de xeito impropio.
4. Xestionar os avisos para a recollida a través do teléfono de atención á cidadanía 012.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 24/10/2024 17:12:03

Sonia Vidal Lamas na data 24/10/2024 17:17:57

Secundino Fernández Fernández na data 24/10/2024 17:18:39

Luis Bará Torres na data 24/10/2024 17:18:57





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, foi vítima dun asasinato na Coruña despois dunha agresión homófoba nas rúas da cidade. Este asasinato provocou non só unha conmoción en toda a poboación senón tamén unha chamada de atención ao que está a acontecer en torno ao ataques homófobos que se producen cada vez con maior frecuencia na sociedade.

E foi precisamente a sociedade a que levou unha resposta inmediata con manifestacións en toda España na que se pedía “Xustiza para Samuel” e condenando a violencia homófoba que neste caso acabou coa vida dun rapaz de 24 anos.

Nun último informe do Ministerio do Interior os delitos de odio en España creceron un 23 % en 2023 respecto ao ano anterior. En Galicia das 123 infraccións por odio o 18,7 % débense á agresións sexuais.

Segundo os datos deste Ministerio, os ataques homófobos duplicáronse en Galicia nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante que require unha resposta firme e coordinada das institucións.

Esta terrible reincidencia é un indicativo de que é necesario programas e políticas que traballen desde o ámbito da pedagogía e da sensibilización dentro





da normalización das orientacións sexuais da cidadanía. Insistimos unha vez máis que a orientación sexual non poden seguir sendo o branco de agresións, vulneración de dereitos e delitos de odio.

É unha obriga dos poderes públicos formar parte activa da normalización dos dereitos da sociedade e traballar na rectificación de comportamentos anómalos que van contra a liberdade e a vida da cidadanía.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Habilitar nas escolas infantís e colexios públicos programas didácticos, deseñados cos colectivos LGTBIQ+ que traballen para sementar o respecto e a normalización das diferentes opcións sexuais da sociedade.
2. Crear infraestruturas como o Espazo Diverso da Coruña desde a que coordinar cos concellos e vilas de Galicia campañas e accións de sensibilización en todo o territorio, así coma atención e información ás persoas usuarias e familias.
3. Dotar orzamentariamente programas de información e protección coas entidades LGTBIQ+ para que traballen e dean cobertura tanto legal como psicolóxica aos membros dos colectivos.

Santiago de Compostela, 23 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 17:32:06
Nº Rexistro: 13743
Data envío: 24/10/2024 17:32:06.205

Silvia Longueira Castro na data 24/10/2024 17:29:50

Elena Espinosa Mangana na data 24/10/2024 17:30:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/10/2024 17:30:09

CSV: B0PISJTB0C7aZ638Bnd04
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

46677

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A Facultade de Medicina de Santiago de Compostela é un exemplo de calidade e excelencia na formación dos profesionais sanitarios. Así o entenden os cidadáns de Galicia, que valoran a labor académica e científica desta institución histórica.

Pola súa importancia, desde o Grupo Popular queremos poñer o foco sobre varias cuestións que, cada novo curso, afectan tanto aos seus estudantes como ao propio funcionamento do sistema universitario a nivel nacional.

A primeira delas, está relacionado coa falta, ata o momento, dunha proba de acceso á universidade común para toda España, que asegure as mesmas oportunidades a todo o alumnado. A pesar de que España funciona como un distrito universitario único, ata agora existían 17 sistemas diferentes para acceder á mesma praza. Isto vén provocando que moitos estudantes galegos se visen obrigados a buscar praza fóra de Galicia ao non competir baixo as mesmas condicións.

Neste caso, o Goberno galego xa traballa, xunto a outras 11 comunidades autónomas, no desenvolvemento dunha proba de avaliación do Bacharelato que asegure a igualdade de oportunidades, abordando, unha vez máis, aquelas grandes reformas que o Goberno central non foi capaz de atender.

A segunda cuestión está relacionada cos diferentes prazos de matrícula que establecen as universidades española para acceder aos estudos. Isto provoca que, cada ano, os futuros estudantes de Medicina teñan que matricularse en varias facultades á vez para maximizar as súas posibilidades de obter praza nalgunha delas.



Isto, ademais de xerar unha presión adicional entre o alumnado —e gastos extraordinarios nalgúns casos— satura o sistema de xestión universitario de solicitudes múltiples que nunca se chegan a formalizar. Parece evidente, que o Goberno central debe facilitar a creación dunha plataforma ou sistema de matrícula coordinado para os estudantes de toda España, que simplifique o proceso, evite gastos ao alumnado e lles dea garantías.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España, que cree, xunto ás comunidades autónomas e ás universidades españolas, un sistema coordinado de matrícula entre as facultades de Medicina có obxectivo de dar as máximas garantías aos futuros estudantes e simplificar o proceso a nivel nacional”.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/10/2024 10:28:45

Julio García Comesaña na data 18/10/2024 10:29:01

Víctor Baladrón Lamas na data 18/10/2024 10:29:13

José Luis Ferro Iglesias na data 18/10/2024 10:29:24

Patricia García González na data 18/10/2024 10:29:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/10/2024 10:30:00

Carmen Pomar Tojo na data 18/10/2024 10:30:15



María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/10/2024 10:30:27

Raúl Santamaría González na data 18/10/2024 10:30:33

Cecilia Vázquez Suárez na data 18/10/2024 10:30:47





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Os sindicatos integrados na Comisión de Centro de Atención Primaria, na área sanitaria de Ourense, comparten as reivindicacións dos profesionais que buscan mellorar a situación dos efectivos de enfermaría e as retribucións nos Puntos de Atención Continuada (PAC).

Reclaman a equiparación de equipos entre médicos e enfermeiras, porque o número de traballadores de enfermaría é inferior. De feito a recomendación é que haxa unha enfermeira por cada médico. Para cumprir a ratio en Ourense precísase de vinte profesionais máis.

Os sindicatos afirman que noutras áreas sanitarias esta ratio é respectada polo Sergas.

O déficit que comentamos está afectando aos centros que teñen un maior volume de asistencias, como o PAC de Ourense, Xinzo, O Carballiño, Verín, Ribadavia e Celanova».

Tamén denuncian as organizacións sindicais que as enfermeiras dos PAC sofren discriminacións retributivas, así como no cómputo de xornada, cuestións sobre as que se fixeron recursos administrativos previos á vía xudicial por algún dos afectados e afectadas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2024 11:01:09
Nº Rexistro: 13609
Data envío: 18/10/2024 11:01:09.580

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Cubrir de forma urxente o déficit de profesionais de enfermaría nos PAC da área sanitaria de Ourense.
2. Negociar coa Comisión de Centro de Atención Primaria de Ourense as xustas reivindicacións que está a demandar o colectivo de enfermeiras dos PAC, co fin de que remate a discriminación en xornada e retribucións que están a sufrir.

Parlamento de Galicia, 18 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/10/2024 10:55:04

Elena Espinosa Mangana na data 18/10/2024 10:55:20

Silvia Longueira Castro na data 18/10/2024 10:55:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/10/2024 10:55:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46682

@PSdeG



CSV: B6P5T8D3-#XJ05X0UB-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de adoptar as medidas precisas para mellorar a seguridade viaria na estrada AC-164 ao seu paso por Fiobre (Bergondo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica AC-164, ao seu paso polo concello de Bergondo, soporta diariamente unha inxente cantidade de tráfico, sobre todo dende a súa confluencia coa estrada N-VI, que dá acceso ao polígono industrial da localidade, é entrada e saída da autoestrada AP9, atravesa varios núcleos de poboación importantes como San Cidre ou Fiobre, ata chegar á Ponte do Pedrido.

Esta estrada conecta coa cidade de Ferrol e o seu paso discorre por unha zona de servizos públicos como a Casa do Concello, o centro de saúde ou varias infraestruturas deportivas.

A alta densidade viaria confirma os últimos datos de tráfico publicados: unha media de 12.000 vehículos/día circulan por esta estrada, á que hai que sumar a circulación de moitos ciclistas a diario e especialmente as fins de semana.

Na estrada AC-164 cómpre salientar especialmente a zona de Fiobre, na parroquia de Moruxo, onde a alta densidade de circulación viaria se ve acrecentada pola excesiva velocidade dos vehículos que a atravesan por ser esta unha zona situada nunha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recta prolongada entre dúas curvas pechadas en ambos sentidos e un cambio de rasante e con sinais de limitación de velocidade de 90km/h.

Por outra parte, a única alternativa para o tránsito peonil seguro limítase a unha pasarela que non se sitúa no lugar máis preciso, posto que está a medio camiño das zonas de maior accesibilidade veciñal como son o local social e a zona de recreo infantoxuvenil formada por unha polideportiva e parque infantil, ademais de dúas paradas de autobús, unha en cada sentido da marcha, sendo estas tamén paradas do transporte escolar.

A inseguridade deste tramo que atravesa Fiobre é coñecido polos frecuentes accidentes de tráfico, algunhas veces moi graves como é o atropelo dunha nena producido en outubro de 2021 con graves consecuencias para a mesma ou o falecemento dun traballador do servizo de recollida de lixo, tamén por un atropelo.

A raíz do accidente de 2021, esta zona declarouse como punto negro de accidentes e actuouse retirando un sinal con indicación incorrecta de límite de velocidade a 60 km/h. Despois da retirada deste sinal a situación empeorou, xa que poucos metros antes existe outro de limitación de velocidade a 90 km/h.

Esta situación de perigosidade ten sido trasladada á Xunta tanto por parte da veciñanza como por parte do Concello de Bergondo sen que teñan recibido ningunha resposta.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O parlamento insta a Xunta a analizar a situación da estrada AC-164 ao seu paso por Fiobre (Bergondo) e tomar as medidas precisas para resolver as deficiencias que presenta e mellorar a seguridade viaria”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/10/2024 11:00:53

Paulo Ríos Santomé na data 18/10/2024 11:01:14

Luis Bará Torres na data 18/10/2024 11:01:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a falta de recursos para a atención de Necesidades Educativas Especiais en centros educativos de Lugo e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia a propaganda do Goberno do PP na Xunta de Galiza o inicio do curso escolar non está a ser tranquilo. Máis ao contrario, son centos os centros educativos de todo o País os que se están a mobilizar pola falta de profesorado ou mesmos os recortes educativos, entre outras cuestións.

A comarca de Lugo e a súa provincia non son unha excepción. Así no:

- **IES Lucus Augusti.** Reclaman a cobertura da praza de Pedagogía Terapéutica (PT) que non se asignou para a atención preferente, un servizo que o alumno sempre tivo. Tamén solicitan a asignación dunha media xornada para a área de Análise, xa que hai alumnado que permanece sen clase.
- **EI Xela Arias.** O centro necesita unha especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) a tempo completo. A inspección xustifica que no CADP hai dúas vacantes con perfil PT, pero estas docentes non teñen a formación específica necesaria e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están asumindo funcións de tutoría, polo que non poden compatibilizar ambas responsabilidades.

Máis do 10% do alumnado ten necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Actualmente, hai 8 alumnos con diagnóstico confirmado, 2 pendentes de valoración, e entre eles 7 presentan Trastorno do Espectro Autista (TEA).

- **CEIP de Parga.** En 1º e 2º de primaria hai un total de 17 alumnos, mentres que en 3º e 4º suman 18. Este último grupo foi desdoblado internamente porque o director é de primaria, e conta cun alumno con NEAE cun grao de discapacidade do 33%. Precisarían, polo tanto, un mestre.

- **CPI Castroverde.** No CPI Castroverde, falta un especialista en Audición e Linguaxe (AL) e tamén unha coidadora, situación que está afectando ao adecuado apoio ao alumnado con necesidades especiais.

- **CEIP Luís Pimentel.** Enviouse un docente para atención domiciliaria, o que implica que, se hai nenos con esta necesidade, o centro quedará outra vez sen profesorado. Ademais, hai tres grupos de 2º de primaria con 26, 26 e 27 alumnos, superando a ratio permitida, polo que deberían contar cun profesor adicional obrigatoriamente. A situación evidencia a necesidade urxente de máis profesorado para poder realizar desdobres.

- **IES Gregorio Fernandez.** No IES Gregorio Fernández, é necesaria a asignación dun especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

- **IES Nosa Señora dos Ollos Grandes.** Recortes de cupo nos últimos anos a pesar de aumentar aulas. Ademais recortes en atención á diversidade, teñen PT a 20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

horas con alumnado que o precisa e só unha para tender ao resto de necesidades do centro. Teñen compromiso da inspección para que se envíe unha PT a maiores.

Tamén é necesario un segundo conserxe.

Estas carencias repítense noutros centros da provincia de Lugo como o CEIP da Pobra de Brollón, o Xosé Luís Taboada de Carballedo, o Vixe do Carme de Sober, o CEIP Eloísa Rivadulla de Chantada, o CEIP de Alfoz, o de San Clodio en Ribas de Sil, o Fondo de Nois, de Foz ou o CEIP do Vicedo, por citar algúns exemplos.

É evidente que o principal alumnado damnificado en todos estes centros é aquel con Necesidades Educativas Especiais o que resulta aínda máis grave. Fronte a isto, a Xunta de Galiza replica con programas xa existentes como o Mega que non supoñen máis recursos dos que xa había.

Porén, malia as demandas da comunidade educativa a Xunta de Galiza optou por non dotar os centros con máis recursos e enviar un aviso ás direccións desde a Xefatura Territorial de Educación advertindo que non podían proporcionar datos ás ANPAS referidos a número de estudantes, unidades, alumnado con NEE ou con NEAE. Unha advertencia que deixa ver o talante moi pouco transparente e democrático do Goberno do PP. Un auténtico despropósito para impedir que as familias coñezan a realidade dos centros aos que van os seus fillos e fillas e a denuncien se así o consideran necesario e oportuno.

Desde o BNG rexeitamos de maneira contundente o escrito enviado pola Xefatura Territorial que trata as familias como alleas ao sistema educativo e pretende impedir que accedan a información pública. Que non se saiba en que situación se atopan os centros para impedir que se denuncie a falta de recursos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Retirar de maneira inmediata o aviso escrito que a Xefatura Territorial de Educación en Lugo enviou ás direccións dos centros educativos para impedir o acceso das ANPAS a datos oficiais.
2. Atender de maneira inmediata as demandas da comunidade educativa da comarca de Lugo e dotar os centros dos recursos necesarios para garantir a máxima calidade do ensino. Para tal fin, prestará especial atención e priorizará o acceso ao profesorado PT e AL necesario para o alumnado con NEE e NEAE”.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/10/2024 11:41:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 18/10/2024 11:41:13

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2024 11:41:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas**, **Iria Taibo Corsanego** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de corrixir as deficiencias do servizo de transporte público por estrada nas liñas A Coruña-Betanzos e A Coruña-Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público en autobús na comarca das Mariñas vén sufrindo unha notable diminución na calidade dende o cambio de empresa prestadora do servizo producido logo da última adxudicación, nomeadamente nas liñas correspondentes a A Coruña - Betanzos, e A Coruña – Ferrol, cuestión xa tratada noutras ocasións e que continua con deficiencias.

Nestas liñas as queixas son recorrentes: falta de prazas, nula ou deficiente información, incumprimento de frecuencias ou horarios que non se adaptan ás necesidades reais das persoas usuarias.

Ante a evidencia da reincidencia da denuncia pública, a Xunta de Galiza procedeu a realizar algúns cambios puntuais, mais na práctica non solucionaron a problemática.

No tocante á liña A Coruña - Betanzos, as paradas non contan con ningún tipo de información e a que se facilita a través da web non se corresponde coa realidade, polo que a veciñanza non ten unha referencia clara nas frecuencias como si tiñan con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anterioridade, algo que afecta sobre todo ás persoas de maior idade que se desprazan, por exemplo, ao centro de saúde, ou a aquelas persoas que se desprazan a traballar aos polígonos industriais da zona. Noutras ocasións, sobre todo en horario de mediodía, cóstanos que quedan persoas sen poderen viaxar por falta de prazas.

As liñas A Coruña – Betanzos e A Coruña – Ferrol son unha alternativa de mobilidade colectiva sostíbel e necesaria para o estudantado que acode ás universidades, mais agora o horario dos autobuses non responde ás súas necesidades, o que os obriga a agardar máis dunha hora a apertura do centro ou chegar tarde a clase cada día, tomando a determinación de colleren as familias o vehículo privado a diario, coa problemática engadida aos problemas habituais de conciliación, xa que a opción de fixar residencia como estudante noutro lugar é cada vez máis inviábel debido ao alto prezo dos alugueres de vivendas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O parlamento insta a Xunta a levar a cabo as accións precisas para dotar as liñas A Coruña - Betanzos e A Coruña - Ferrol dun servizo de transporte público por estrada que dea resposta á elevada demanda de mobilidade sustentábel nestas áreas, con horarios e frecuencias adaptados ás necesidades da poboación, nomeadamente do alumnado que cursa estudos superiores na Coruña e Ferrol”.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Ramón Fernández Alfonzo

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/10/2024 12:08:30

Iria Taibo Corsanego na data 18/10/2024 12:08:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/10/2024 12:08:52

Paulo Ríos Santomé na data 18/10/2024 12:09:08

Luis Bará Torres na data 18/10/2024 12:09:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación das obras de rehabilitación do CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de xuño, o secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Manuel Vila, anunciou na comisión 4ª do Parlamento de Galiza a rehabilitación integral do CEIP Plurilingüe Barrié da Maza de Santa Comba, cun orzamento de arredor de 1,5M€.

Recollendo as súas palabras, “o proxecto xa está en redacción e, se todo vai segundo o que temos previsto, esperamos ter este verán o proxecto para despois aprobalo e licitalo canto antes e, así, poder estar no verán do ano que vén traballando na obra, que terá unha duración aproximada de nove meses”. “A actuación consistirá na substitución da cuberta, no illamento térmico, na renovación de toda a carpintería exterior e na interior en función do seu estado e no cambio de luminarias, entre outras. Con esta obra, a Consellería de Educación garantirá que o CEIP Barrié da Maza conte cunhas instalacións modernas e adaptadas ás novas necesidades educativas.”

A comunidade educativa do centro vén loitando desde hai tempo por estas necesarias reformas despois de que nos 50 anos pasados desde a súa construción, non se realizase ningunha reforma substancial, o que se traduce en múltiples eivas e carencias na infraestrutura. Por iso, ante o compromiso enunciado pola Consellería, agora





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solicitan non ser deixadas á marxe e que se escoiten as súas demandas e suxestión para abordar do mellor xeito posíbel a reforma do CEIP Barrié de la Maza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a manter unha comunicación fluída e dinámica coa comunidade educativa do CEIP Barrié de la Maza, nomeadamente a ANPA e a equipa directiva, recollendo as súas suxestións para a acometida das reformas que se van realizar no centro, e actuando de xeito transparente permitíndolles unha interlocución para coñecer prazos de execución, prioridades de actuación, etc..”

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/10/2024 13:15:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 18/10/2024 13:19:12

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2024 13:19:13





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o último informe a EAPN, preto de 690.000 persoas en Galicia, o 25 por cento da poboación, sofren risco de pobreza ou exclusión social.

Esta cifra supón que aumentou en 50.000 persoas máis que no último informe do ano anterior, con especial incidencia en nenos e mulleres e que alcanza ao 52 por cento dos fogares monoparentais. Isto supón que durante 2023 os indicativos de pobreza, risco de pobreza e exclusión social volveron a crecer na comunidade.

É mais, o índice AROPE, que descendera do 25,2 % ao 23,6 % no informe do ano 2023, repuntou agora crescendo dous puntos máis ata acadar o 25,5 %.

Unha das connotacións do informe sinala que se teñen incrementado os índices de pobreza e de carencia material, pero non o indicador de baixo nivel de emprego. Isto significa que non chegar un traballo para saír do entorno da pobreza.

O dato é revelador xa que o feito de ter un traballo non nos afasta dos números de pobreza que se incrementan o cal indica un enraizamento da pobreza no tecido social, asumido como unha forma de vida.





A feminización da pobreza é outra das nefastas conclusións do informe, onde indica que estes indicadores de pobre e exclusión recaen nun 80 % en familias monomarentais. Así como as mulleres pensionistas que tamén se ven atinxidas. O risco de pobre e exclusión social en mulleres crece do 25 ao 27,4 %. Recolle o informe que o 52,7 % monoparentais están en risco de pobreza.

Ter fillos, segue a ser un factor de empobrecemento en Galicia xa que crece a pobreza infantil nos fogares con menores: o 27,1 % están en risco de pobreza e exclusión social, fronte ao 24,3 dos que non teñen fillos. E por grupos de idade, os menores de 18 anos son os que presentan un AROPE máis alto.

No ámbito da pensións, o 48 % da poboación recibe unha pensión por debaixo do umbral da pobreza, que ao mesmo tempo están a axudar na redución da pobreza xa que hai 175.000 persoas que non caen na pobreza debido ás achegas das pensións. No que se refire á privación material e social severa, Galicia está no 8,2 % da poboación (a maior da toda a serie histórica, preto de 230.000 persoas, aínda que máis da metade que están nesta situación, non son pobres. É dicir, 122.000 persoas entraron en situación de vulnerabilidade, segundo EAPN.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Formar un equipo técnico multidisciplinar entre as consellerías de Política Social, Emprego, Vivenda e Educación para que realicen un programa de choque que afronte a situación de vulnerabilidade descrita no informe de EAPN





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2024 10:25:19
Nº Rexistro: 13641
Data envío: 19/10/2024 10:25:19.561

2. Poñer en marcha un plan estratéxico en colaboración coas entidades do terceiro sector que afronte a situación de exclusión e vulnerabilidade nun prazo máximo de 4 meses.
3. Presentar a Lei de Inclusión de Galicia que leva anos proxectando a súa redacción.

Santiago de Compostela, 18 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 19/10/2024 10:18:12

Paloma Castro Rey na data 19/10/2024 10:21:41

Elena Espinosa Mangana na data 19/10/2024 10:21:49

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/10/2024 10:21:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46699

@PSdeG



CSV: B6P5T8D3X7ZGXA1N4R-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, un mozo de 24 anos, foi asasinado na Coruña tras unha brutal agresión homófoba. Este asasinato, que conmocionou á toda a sociedade, puxo de manifesto, unha vez máis, a persistente e violenta LGTBIfobia que segue presente no noso país.

A resposta social foi inmediata, con manifestacións en toda España pedindo “Xustiza para Samuel” e condenando a violencia homófoba. Estas accións demostraron que a sociedade reclama políticas máis contundentes para protexer os dereitos do colectivo LGTBI e garantir unha convivencia libre de odio e discriminación.

Con todo, este crime non é un feito illado. Os delitos de odio, e en particular os relacionados coa orientación sexual e a identidade de xénero, experimentaron un preocupante aumento nos últimos anos. Segundo os datos do Ministerio do Interior, estes duplicáronse en Galicia nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante que require unha resposta firme e coordinada por parte das institucións.

O xuízo polo asasinato de Samuel Luiz representa un momento clave non só para facer xustiza, senón tamén para reafirmar o compromiso das administracións na loita contra a LGTBIfobia. As políticas públicas deben





centrarse en previr estes delitos, protexer ás vítimas e fomentar unha cultura de respecto pola diversidade. A violencia e a LGTBIfobia non poden ter cabida nunha sociedade que aspira á igualdade e á convivencia pacífica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento acorda:

1. Condenar a agresión homófoba que causou o asasinato de Samuel Luiz e expresar o rexeitamento máis firme desta cámara ante calquera forma de violencia e odio motivada pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
2. Trasladar o apoio e a solidariedade á familia e amigos de Samuel Luiz, así como o seu compromiso coa xustiza.
3. Instar ás administracións públicas competentes a intensificar as accións dirixidas a erradicar a LGTBIfobia e calquera forma de discriminación e odio, mediante políticas educativas, campañas de sensibilización e o apoio ás vítimas. Deseñando programas que teñan unha implantación anual nas escolas con motivo de evitar tanto comportamentos LGTBIfóbicos como o maltrato.
4. Condenar todas as condutas que atenten contra a dignidade e os dereitos do colectivo LGTBI e manifestar o compromiso deste Parlamento coa construción dunha sociedade inclusiva, diversa e libre de odio.

Santiago de Compostela, 19 de outubro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 13649
Data envío: 19/10/2024 17:12:16.747

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 19/10/2024 17:05:47

Elena Espinosa Mangana na data 19/10/2024 17:05:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/10/2024 17:06:07

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46702

@PSdeG



CSV: BGPSIBR9380zKZEUBR-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila, Iria Carreira Pazos, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre os recortes realizados na atención educativa dos pacientes pediátricos ingresados no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e do alumnado que precisa atención educativa domiciliaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro presta asistencia específica aos menores de 16 anos con problemas agudos de saúde mental, e é a segunda de Galiza.

A pesar de ter como referencia unha gran poboación, dende O Salnés, Pontevedra, Ourense, Verín e ata o Barco de Valdeorras, e ter sido dotado dende o primeiro día con docentes para atender ás e aos menores ingresados, na actualidade este alumnado non conta co profesorado e atención que figura precisar nos seus informes médicos. Trátase dunha vulneración clara dos seus dereitos que van a afectar de xeito importante ao seu desenvolvemento educativo, pero tamén a nivel persoal, para un alumnado que debe ser considerado o máis vulnerable que precisa maior apoio e reforzo.

Segundo recolle o artigo 25.2 do decreto 229/2011 será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

Esta unidade hospitalaria ten carácter pechado, na que os doentes non poden saír da mesma para asistir ás clases nos centros educativos ordinarios, é polo que os docentes deben desprazarse ata alí para darlle a atención debida.

Se temos en conta a aula creada no hospital nese andar, hai que dicir que ten unha dotación de profesorado pero debe atender a todas as e os menores ingresados no citado andar, dende doentes oncolóxicos, con trastornos de conduta alimentaria, saúde mental, etc. Efectivos que non son os suficientes para a atención que precisa o alumnado da propia unidade, como demostra que o anterior curso si que tiña asignados estes recursos propios.

Sen ter en conta a normativa, as persoas menores ingresadas na nova unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo levan sen docente dende o comezo de curso. Igual acontece co alumnado de Secundaria con patoloxías do ámbito psiquiátrico e oncolóxico que solicitan atención educativa domiciliaria e que están sendo derivados á docencia virtual, facendo caso omiso aos seus informes médicos onde especifica que esta debe ser presencial.

As familias, desesperadas imaxinando un curso perdido sen a atención educativa que precisan os seus fillos e fillas, están iniciando un conxunto de mobilizacións que van dende a denuncia ante o Defensor do menor ou a Valedora do Pobo, ata sumarse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nas convocatorias de concentracións impulsadas pola Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público e os distintos sindicatos do Ensino. Calquera cousa que lles permita visibilizar a súa grave situación e a falta de cumprimento da Lei por parte da Consellaría de Educación.

Parece unha burla cara as familias e alumnado máis vulnerable que o Conselleiro de Educación, e mesmo o Presidente da Xunta, saian nos xornais e no Parlamento a gabarse de ter este curso a maior dotación de profesorado da historia. Unha clara deformación dos datos e da situación que estase a vivir en todo o País, non só nos centros educativos, como demostra esta iniciativa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar de xeito inmediato e estable na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil de Vigo do Hospital Álvaro Cunqueiro, do persoal docente que se vén reclamando desde o inicio do curso, para garantir a mínima interrupción no seu desenvolvemento educativo e contribuíndo tamén á súa recuperación”.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Iria Carreira Pazos

Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/10/2024 08:52:40

Iria Carreira Pazos na data 21/10/2024 08:52:50

Carmela González Iglesias na data 21/10/2024 08:53:02

Alexandra Fernández Gómez na data 21/10/2024 08:53:11

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/10/2024 08:53:27

Ana Pontón Mondelo na data 21/10/2024 08:53:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a residencia de maiores de Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia de maiores e centro de día de Arteixo pertence á rede de centros de atención de maiores do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar da Xunta de Galiza, e está xestionada por unha UTE entre COGAMI, SIAD 24 Galicia, S.L. e Combina Social, S. L., e foi cedida á Xunta de Galiza pola Fundación Amancio Ortega, ademais de contar coa colaboración do Concello de Arteixo.

A residencia de Arteixo conta con 64 residentes, 42 no centro de día, que é o único público do Concello de Arteixo e cun total de 52 traballadoras. Esta residencia atópase, de xeito semellante a outras do país, nunha situación precaria. Por unha banda, estanse a recibir residentes que non son maiores e que teñen unhas particularidades especiais (nomeadamente, persoas con problemas de saúde mental), mais tamén atende grandes dependentes, que na actualidade están mesturados e mesturadas con estoutro tipo de residentes, que teñen outro tipo de necesidades. Esta situación resulta problemática tanto para o persoal como para o resto de residentes.

Ademais de formar o persoal para que poida prestar unha atención axeitada nesta nova situación, é preciso incrementar os medios estruturais, materiais e do propio persoal, para atender as persoas con este tipo de problemas, que impidan a mestura cos residentes maiores dependentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade, ademais de que as cifras de persoal non son suficientes para atender as necesidades dos e das residentes, estanse a detectar problemas de acoso laboral que se poden verificar tanto pola mobilidade de traballadoras e traballadoras como polo gran número de denuncias xudiciais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Inspeccionar a residencia de Arteixo para detectar posíbeis deficiencias.
- Remitir aos grupos políticos as actas das inspeccións que xa se realizaran na residencia de maiores de Arteixo.
- Establecer un protocolo de control e seguimento da administración e xerencia das residencias públicas de xestión privada.
- Corrixir a situación de saturación do persoal.
- Formar o persoal para preparalo para atender o novo tipo de residentes.
- Facilitar medios estruturais, materiais e de persoal para corrixir os problemas orixinados pola mestura entre o novo tipo de residentes e os maiores dependentes.”

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 21/10/2024 09:55:40

Olalla Rodil Fernández na data 21/10/2024 10:01:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe de risco de pobreza e exclusión social do 2023 de Galiza aporta datos que non son positivos en canto á porcentaxe de galegos e galegas que sofren esta lacra, aumentando en número con respecto ao ano anterior, chegando ao 25,5%, cun crecemento de 50.000 persoas que se atopan nesta situación de precariedade. Na actualidade está comprobado que o risco non ten sempre relación co desemprego, xa que unha boa porcentaxe desa poboación está a desenvolverse profesionalmente, pero non ten capacidade para saír desa situación cos ingresos que percibe.

Se nos fixamos no caso das mulleres, a media é superior á xeral no caso do risco de pobreza e exclusión social, chegando ao 27,4%, de xeito que a protección desta parte da poboación debería ser tomada en conta de xeito particular con medidas concretas dirixidas a este grupo social, onde están nestas condicións de vida 384000 persoas, á comparanza co 23,5% de homes afectados, con 305000, existindo catro puntos porcentuais de diferenza entre xéneros. É derivado disto que os fogares a cargo de familias monoparentais, que están formados no 80% dos casos por proxenitoras, se atopan nun estado alarmante na actualidade, con necesidade urxente de medidas que traten de reverter o risco no que se atopan o 52,7% das familias monoparentais galegas, superando cada informe os datos do anterior, cunha tendencia negativa que agrava ano





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tras ano a situación daquelas que se atopan á fronte de familias en solitario, de xeito voluntario ou sobrevido.

Mais non só sofren as familias monoparentais, nos fogares onde hai presenza de menores os índices de risco superan a media en máis de dous puntos porcentuais con respecto ás familias sen crianzas ao seu cargo, chegando ao 27,1%, dato que aclara que a presenza de menores ao cargo agrava a situación de pobreza e exclusión social, sendo un factor empobrecedor segundo os propios informes, polo que a atención cara esta parte da poboación debe ser prioritaria por parte do goberno.

É evidenciada tamén, esta tendencia dos fogares nos que hai menores, cos datos de PMSS, que nestas familias chega ao 10,2%, máis de catro puntos superior que no caso das familias nas que non hai menores ao cargo, dando coma resultado unha media xeral que aumenta segundo os datos de informes anteriores, con cifras de 8,2%.

É deste xeito como, os menores de 18 anos son os que máis alto índice de risco ostentan por idades, dato moi preocupante se se ten en conta que a pobreza se perpetúa nunha alta porcentaxe de casos estendéndose dende a infancia e mocidade ata a idade adulta, condenando ás nosas crianzas e adolescentes a unha idade adulta complicada xa dende moi cedo. Un dato relevante é que a privación material e social severa máis alta por idades é en nenos, nenas e adolescentes, acadando un 12,4%, que indica a elevada vulnerabilidade deste sector da poboación, onde a media xeral é do 8,2%, cunha subida de dous puntos con respecto ao informe anterior.

É evidente que precisamos medidas urxentes e que cheguen á poboación, medidas transversais onde os máis vulnerables sexan o obxectivo, xa que a pobreza aumentaría a máis do dobre (46,6%) sen medidas que traten de paliar. Máis debemos ser conscientes de que, na actualidade, o impacto das axudas chegadas das distintas administracións sobre esta situación se reduciu á metade, co cal os esforzos deben ser





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maiores por parte de todas elas, nun intento de que as cifras se revertan e non se perpetúe a pobreza ou o seu risco naquelas persoas que a sofren.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear o Rexistro de Familias Monoparentais durante os próximos seis meses, coma prazo máximo.

2. Manter unha reunión de traballo coas representantes de asociacións de familias monoparentais de Galiza e calquera asociación adicada ao traballo social relativo ao eido de familia e infancia que desexe participar para intercambiar opinións e dar lugar a unha serie de medidas orzamentadas que teñan coma obxectivo reducir o índice de pobreza das familias monoparentais e fogares a cargo de menores, para implantar a nivel de país e de municipios durante o 2025.

3. Recuperar a Tarxeta Básica de xeito inmediato para que as familias galegas poidan beneficiarse dela o antes posible debido aos resultados obtidos no informe da rede contra a pobreza da EAPN.

4. Recuperar de xeito inmediato o complemento ao bono social térmico suprimido por parte da Xunta de Galiza tras os resultados do informe da rede contra a pobreza EAPN.

5. Crear Observatorio Galego de Familias Monoparentais.”

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 21/10/2024 10:24:44

Olalla Rodil Fernández na data 21/10/2024 10:32:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila**, **Ariadna Fernández González** e do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a creación do Plan MEGA pola Consellaría de Educación, como medio de contratar docentes dándolles ocupacións estruturais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de setembro o PP aprobaba no Consello da Xunta de Galiza, a proposta da Consellaría de Educación, o Plan de Mellora Educativa Plan MEGA, con varios obxectivos, segundo o Goberno galego:

- Reforzar os centros educativos con 400 docentes adicionais para mellorar o éxito escolar, a inclusión e o desenvolvemento integral do alumnado.
- Incrementar o nivel de competencias clave do alumnado e personalizar o apoio educativo.
- Impulsar medidas específicas de atención á diversidade, reforzo das competencias lectora e matemática e para o alumnado estranxeiro.
- Mellorar as eivas detectadas nas avaliacións de diagnose.
- Promover os proxectos referentes en áreas como a promoción da igualdade, a convivencia, o benestar emocional ou a sustentabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que Rueda vendía en rolda de prensa, nada máis rematar o Consello, sobre este Plan era que implicaba unha modernización do ensino centrada en aumentar a eficiencia, a eficacia e a equidade para garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos.

Visto así, parece un gran Plan para resolver todos os problemas que ten o ensino na actualidade, pero nada máis lonxe. Porque se os centros galegos están sen os efectivos de docentes e especialistas que precisan é porque a mesma Consellaría que agora recorre a este Plan conseguido a través de Fondos Europeos, dous meses antes deste Consello de Goberno negaba a todos os centros escolares os efectivos de persoal que precisaban e solicitaban.

O Plan MEGA estrutúrase arredor de seis programas distintos, en diferentes etapas desde infantil ata FP básica pasando por primaria e ESO para dar cumprimento aos obxectivos antes enumerados. Proxectos como:

- Promociona (apoio, participación e promoción do alumnado NEAE),
- PROA+ (reforzo, orientación e apoio),
- reforzo da competencia lectora,
- reforzo da competencia matemática,
- apoio educativo para o alumnado estranxeiro e
- impulso de centros referentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os Programas Promociona e Proa+, serían polo tanto os que estarían destinados a unha maior e mellor atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

A Consellería de Educación, utilizou o Programa Promociona a primeiros de setembro para contratar docentes que, segundo os fondos europeos conseguidos, debían ser destinados co fin expreso da atención ao alumnado NEAE, e pola contra, moitos deles foron asignados para cubrir postos vacantes con funcións ordinarias nos centros educativos, como son as titorías en aulas de infantil ou primaria. Polo tanto os fondos do Plan MEGA foron empregados indebidamente.

Os 159 postos de traballo ofertados o día 9 de setembro dende o MEGA, máis 4 ofertados o día 10, non seguen criterios de ningún contrato programa, como o Proa+, e son adxudicacións de postos de traballo, como xa foi denunciado pola CIG-Ensino estes días. Deste xeito desviaban fondos que deberían destinarse ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, dentro do programa de inclusión educativa financiado con máis de 3 millóns de euros pola Unión Europea a través do Ministerio de Educación.

A trama estaba ben orquestrada. Uns fondos que estaban habilitados dende o 1 de setembro pero os contratos non se formalizaron ata o pasado 9 de setembro e por si a tardanza no nomeamento fose pouca, atácanse os dereitos laborais do persoal docente ao nomealo até o 30 de xuño no lugar de 31 de agosto. Isto pode considerarse ilegal porque este profesorado non está a substituír a ninguén, pola contra realizan funcións ordinarias das súas especialidades. Ademais de producirse unha discriminación, xa que semanas despois estanse a adxudicar prazas para facer o mesmo traballo (docencia ordinaria propia das diferentes especialidades) e sen que tampouco haxa ningunha substitución, mais neste caso con nomeamentos até o 31 de agosto, como é o correcto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A cuestión é que a Consellaría de Educación leva anos minguando os dereitos dos docentes no ensino público, de tal xeito que as contratacións se fan rematando a 30 de xuño en lugar de todo o período de curso escolar, é dicir, entre o 1 de setembro ata o 31 de agosto e desbotan os acordos previos de 2012 que asumían que o persoal que traballara no curso máis de 5,5 meses rematarían o 31 de agosto.

Esta é unha práctica habitual do PP no Goberno da Xunta na que, incluso nos casos de substitucións para todo o curso escolar, a administración educativa, unilateralmente, decide que o remate dos contratos sexa con data 30 de xuño, usurpando así o custo dos docentes no verán, deixando ademais funcións sen realizar durante o mes de xullo nos centros, para finalizar o curso e preparación do seguinte.

Este Plan MEGA que inventaron para poder optar a estes 18 millóns de euros de fondos europeos, é un fraude en toda regra. Non só están a incluír programas que xa existían estes últimos anos, como o Proa+, senón que ademais están a usalo en prexuízo do colectivo docente que tanta falta fai nos centros educativos.

Mentres o Sr. Rodríguez e o Sr. Rueda, venden o maior número de profesores/as da historia, dos 163 contratos realizados mediante o Programa Promociona, 121 teñen contrato a xornada completa, pero 42 (o 26%) tan só traballan a media xornada. Sabendo que centos de escolas en todo o País reclaman persoal especialista para o alumnado NEAE, queda evidenciado a falta de empatía e humanidade das persoas que dirixen Galiza e o ensino público fronte a un problema tan grave que teñen as familias con fillos e fillas nesta situación. Familias que ven como pasarán un curso completo sen a atención que precisan, usando os centros como meras garderías.

A comunidade educativa: direccións, docentes, familias e mesmo o alumnado vai participar masivamente nunha gran mobilización en Santiago convocada para o vindeiro día 26, porque entende que non é de recibo que mentres os centros e o seu





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alumnado carecen dos docentes e especialistas precisos o Conselleiro e o Presidente da Xunta, a conta do persoal docente contratado en precario e da falta de atención do alumnado máis vulnerable, dedícanse á propaganda e a gabarse dunha fantástica xestión para que Galiza conte con maior número de profesorado.

Con esta convocatoria, organizacións que conforman a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, entre outras a CIG-Ensino, ANPAS Galegas, ERGUER, Asociación Socio-Pedagóxica Galega/AS-PG), queren pór de manifesto que a situación do ensino público non fixo máis que deteriorarse nos últimos anos con menos docentes, unha precariedade laboral que obriga a ter máis materias afíns e docentes compartidos por varios centros, menos especialistas para a atención á diversidade, máis burocracia e menos recursos públicos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

4.- Vai dotar con efectivos docentes e especialistas o cadro de persoal ou catálogo dos centros educativos, de xeito estable, suficientes para a atención que determinen os informes individualizados elaborados polas orientadoras/es con respecto a cada alumno/a con necesidades específicas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5- Vai a aumentar a partida orzamentaria no 2025 para poder asumir o incremento de profesorado e especialistas, garantindo os seus dereitos laborais, onde sexa preciso nos centros educativos do País para unha boa atención de todo o alumnado?

Santiago de Compostela, 21 de outubro 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/10/2024 10:55:03

Ariadna Fernández González na data 21/10/2024 10:55:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/10/2024 10:56:40





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas no seu artigo 21 de modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece que se modifica o apartado 1 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactado como segue:

“1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

a) Cancelación de oficio nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2025, nos casos seguintes:

1.º Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.

2.º Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo con o establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

3.º Montes que non consigan os fins para os cales se subscribiu o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.”

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arboredo existente ocupe unha superficie inferior ao 30 % da total do consorcio ou convenio, excepto por afectación de incendios forestais posteriormente á





data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais a superficie arborizada queimada considerárase como superficie arborizada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30 %.

A efectos do cómputo do devandito 30 % non se contabilizará o arboredo cunha idade inferior aos cinco anos.

“b) Finalización nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2025, momento no que se deberá asinar un contrato temporal de xestión pública que substitúa ao consorcio ou ao convenio finalizado.”

No caso de que non se formalice o devandito contrato no prazo establecido, a persoa titular do monte deberá abonar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma. Para iso, poderá abonalo nun único pago ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de que non se produza o abono total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos na presente lei.

Previamente á finalización ou cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal dos previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, que garanta a continuidade da xestión forestal sostible”.

O Goberno galego leva atrasando a obrigatoriedade de formalizar os contratos temporais de xestión pública desde o ano 2015, (disposición transitoria novena. Montes con consorcios ou convenios coa administración. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).





Prorrogando unha e outra vez esta finalización, como sucedeu entre outras coa Lei 11/2014, do 19 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, onde o prazo máximo se prorrogou de tres a catro anos. Polo artigo 54 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, onde este prazo concluía o 31 de decembro do 2021. Coa Lei 18/2021 do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas no seu artigo 17, que no seu apartado b) fixaba a finalización nun prazo que finalizará o 31 de decembro de 2023, ou a lei anteriormente citada.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que pasos dou a Xunta de Galicia para aprobar os contratos temporais de xestión pública previstos na Lei 7/2012 de montes de Galicia, que garanta unha xestión forestal sostible?
2. Cando vai a Xunta de Galicia formalizar os contratos temporais de xestión pública?
3. Que cronograma de actuación prevé o Goberno galego para a formalización destes contratos en relación coas comunidades de montes veciñais en man común e coas persoas propietarias de montes protectores?
4. E co resto de persoas propietarias que figuran no apartado 1 do artigo 123 da Lei de montes de Galicia?

Parlamento de Galicia, 24 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 16:40:43
Nº Rexistro: 13729
Data envío: 24/10/2024 16:40:43,400

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/10/2024 12:20:56

Lara Méndez López na data 24/10/2024 12:21:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

46757

@PSdeG



CSV: B0P5TRBQJ0X0K5L0gRzI
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, foi vítima dun asasinato na Coruña despois dunha agresión homófoba nas rúas da cidade. Este asasinato provocou non só unha conmoción en toda a poboación senón tamén unha chamada de atención ao que está a acontecer en torno ao ataques homófobos que se producen cada vez con maior frecuencia na sociedade.

E foi precisamente a sociedade a que levou unha resposta inmediata con manifestacións en toda España na que se pedía “Xustiza para Samuel” e condenando a violencia homófoba que neste caso acabou coa vida dun rapaz de 24 anos.

Nun último informe do Ministerio do Interior os delitos de odio en España creceron un 23 % en 2023 respecto ao ano anterior. En Galicia das 123 infraccións por odio o 18,7 % débense á agresións sexuais.

Segundo os datos deste Ministerio, os ataques homófobos duplicáronse en Galicia nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante que require unha resposta firme e coordinada das institucións.

Esta terrible reincidencia é un indicativo de que é necesario programas e políticas que traballen desde o ámbito da pedagogía e da sensibilización dentro da normalización das orientacións sexuais da cidadanía. Insistimos unha vez máis que a orientación sexual non poden seguir sendo o branco de agresións, vulneración de dereitos e delitos de odio.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 17:32:31
Nº Rexistro: 13745
Data envío: 24/10/2024 17:32:31.189

É unha obriga dos poderes públicos formar parte activa da normalización dos dereitos da sociedade e traballar na rectificación de comportamentos anómalos que van contra a liberdade e a vida da cidadanía.

Por estes motivos, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Cal é o orzamento real que destinará a Xunta de Galicia para o traballo de prevención e sensibilización ante os delitos homófobos que están a incrementarse en Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 24/10/2024 17:28:44

Elena Espinosa Mangana na data 24/10/2024 17:28:55





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Os sindicatos integrados na Comisión de Centro de Atención Primaria, na área sanitaria de Ourense, comparten as reivindicacións dos profesionais que buscan mellorar a situación dos efectivos de enfermaría e as retribucións nos Puntos de Atención Continuada (PAC).

Reclaman a equiparación de equipos entre médicos e enfermeiras, porque o número de traballadores de enfermaría é inferior. De feito a recomendación é que haxa unha enfermeira por cada médico. Para cumprir a ratio en Ourense precísase de vinte profesionais máis.

Os sindicatos afirman que noutras áreas sanitarias esta ratio é respectada polo Sergas.

O déficit que comentamos está afectando aos centros que teñen un maior volume de asistencias, como o PAC de Ourense, Xinzo, O Carballiño, Verín, Ribadavia e Celanova».

Tamén denuncian as organizacións sindicais que as enfermeiras dos PAC sofren discriminacións retributivas, así como no cómputo de xornada, cuestións sobre as que se fixeron recursos administrativos previos á vía xudicial por algún dos afectados e afectadas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2024 11:02:06
Nº Rexistro: 13612
Data envío: 18/10/2024 11:02:06.548

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego que na área sanitaria de Ourense exista un déficit de enfermeiras nos PAC?

Parlamento de Galicia, 18 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/10/2024 10:58:50

Elena Espinosa Mangana na data 18/10/2024 10:59:03

Silvia Longueira Castro na data 18/10/2024 10:59:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de adoptar as medidas precisas para mellorar a seguridade viaria na estrada AC-164 ao seu paso por Fiobre (Bergondo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica AC-164, ao seu paso polo concello de Bergondo, soporta diariamente unha inxente cantidade de tráfico, sobre todo dende a súa confluencia coa estrada N-VI, que dá acceso ao polígono industrial da localidade, é entrada e saída da autoestrada AP9, atravesa varios núcleos de poboación importantes como San Cidre ou Fiobre, ata chegar á Ponte do Pedrido.

Esta estrada conecta coa cidade de Ferrol e o seu paso discorre por unha zona de servizos públicos como a Casa do Concello, o centro de saúde ou varias infraestruturas deportivas.

A alta densidade viaria confirma os últimos datos de tráfico publicados: unha media de 12.000 vehículos/día circulan por esta estrada, á que hai que sumar a circulación de moitos ciclistas a diario e especialmente as fins de semana.

Na estrada AC-164 cómpre salientar especialmente a zona de Fiobre, na parroquia de Moruxo, onde a alta densidade de circulación viaria se ve acrecentada pola excesiva velocidade dos vehículos que a atravesan por ser esta unha zona situada nunha recta prolongada entre dúas curvas pechadas en ambos sentidos e un cambio de rasante e con sinais de limitación de velocidade de 90km/h.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a única alternativa para o tránsito peonil seguro limitábase a unha pasarela que non se sitúa no lugar máis preciso, posto que está a medio camiño das zonas de maior accesibilidade veciñal como son o local social e a zona de recreo infantoxuvenil formada por unha polideportiva e parque infantil, ademais de dúas paradas de autobús, unha en cada sentido da marcha, sendo estas tamén paradas do transporte escolar.

A inseguridade deste tramo que atravesa Fiobre é coñecido polos frecuentes accidentes de tráfico, algunhas veces moi graves como é o atropelo dunha nena producido en outubro de 2021 con graves consecuencias para a mesma ou o falecemento dun traballador do servizo de recollida de lixo, tamén por un atropelo.

A raíz do accidente de 2021, esta zona declarouse como punto negro de accidentes e actuouse retirando un sinal con indicación incorrecta de límite de velocidade a 60 km/h. Despois da retirada deste sinal a situación empeorou, xa que poucos metros antes existe outro de limitación de velocidade a 90 km/h.

Esta situación de perigosidade ten sido trasladada á Xunta tanto por parte da veciñanza como por parte do Concello de Bergondo sen que teñan recibido ningunha resposta.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta a tomar as medidas precisas para mellorar a seguridade viaria na estrada AC-164 ao seu paso por Fiobre tal e como demanda a veciñanza e o propio Concello de Bergondo?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/10/2024 11:11:11

Luis Bará Torres na data 18/10/2024 11:11:26

Paulo Ríos Santomé na data 18/10/2024 11:11:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a falta de recursos para a atención de Necesidades Educativas Especiais en centros educativos de Lugo e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia a propaganda do Goberno do PP na Xunta de Galiza o inicio do curso escolar non está a ser tranquilo. Máis ao contrario, son centos os centros educativos de todo o País os que se están a mobilizar pola falta de profesorado ou mesmos os recortes educativos, entre outras cuestións.

A comarca de Lugo e a súa provincia non son unha excepción. Así no:

- **IES Lucus Augusti.** Reclaman a cobertura da praza de Pedagogía Terapéutica (PT) que non se asignou para a atención preferente, un servizo que o alumno sempre tivo. Tamén solicitan a asignación dunha media xornada para a área de Análise, xa que hai alumnado que permanece sen clase.

- **EEI Xela Arias.** O centro necesita unha especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) a tempo completo. A inspección xustifica que no CADP hai dúas vacantes con perfil PT, pero estas docentes non teñen a formación específica necesaria e están asumindo funcións de titoría, polo que non poden compatibilizar ambas responsabilidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis do 10% do alumnado ten necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Actualmente, hai 8 alumnos con diagnóstico confirmado, 2 pendentes de valoración, e entre eles 7 presentan Trastorno do Espectro Autista (TEA).

- **CEIP de Parga.** En 1º e 2º de primaria hai un total de 17 alumnos, mentres que en 3º e 4º suman 18. Este último grupo foi desdoblado internamente porque o director é de primaria, e conta cun alumno con NEAE cun grao de discapacidade do 33%. Precisarían, polo tanto, un mestre.

- **CPI Castroverde.** No CPI Castroverde, falta un especialista en Audición e Linguaxe (AL) e tamén unha coidadora, situación que está afectando ao adecuado apoio ao alumnado con necesidades especiais.

- **CEIP Luís Pimentel.** Enviouse un docente para atención domiciliaria, o que implica que, se hai nenos con esta necesidade, o centro quedará outra vez sen profesorado. Ademais, hai tres grupos de 2º de primaria con 26, 26 e 27 alumnos, superando a ratio permitida, polo que deberían contar cun profesor adicional obrigatoriamente. A situación evidencia a necesidade urxente de máis profesorado para poder realizar desdobres.

- **IES Gregorio Fernandez.** No IES Gregorio Fernández, é necesaria a asignación dun especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

- **IES Nosa Señora dos Ollos Grandes.** Recortes de cupo nos últimos anos a pesar de aumentar aulas. Ademais recortes en atención á diversidade, teñen PT a 20 horas con alumnado que o precisa e só unha para tender ao resto de necesidades do centro. Teñen compromiso da inspección para que se envíe unha PT a maiores.

Tamén é necesario un segundo conserxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas carencias repítense noutros centros da provincia de Lugo como o CEIP da Pobra de Brollón, o Xosé Luís Taboada de Carballado, o Vixe do Carme de Sober, o CEIP Eloísa Rivadulla de Chantada, o CEIP de Alfoz, o de San Clodio en Ribas de Sil, o Fondo de Nois, de Foz ou o CEIP do Vicedo, por citar algúns exemplos.

É evidente que o principal alumnado damnificado en todos estes centros é aquel con Necesidades Educativas Especiais o que resulta aínda máis grave. Fronte a isto, a Xunta de Galiza replica con programas xa existentes como o Mega que non supoñen máis recursos dos que xa había.

Porén, malia as demandas da comunidade educativa a Xunta de Galiza optou por non dotar os centros con máis recursos e enviar un aviso ás direccións desde a Xefatura Territorial de Educación advertindo que non podían proporcionar datos ás ANPAS referidos a número de estudantes, unidades, alumnado con NEE ou con NEAE. Unha advertencia que deixa ver o talante moi pouco transparente e democrático do Goberno do PP. Un auténtico despropósito para impedir que as familias coñezan a realidade dos centros aos que van os seus fillos e fillas e a denuncien se así o consideran necesario e oportuno.

Desde o BNG rexeitamos de maneira contundente o escrito enviado pola Xefatura Territorial que trata as familias como alleas ao sistema educativo e pretende impedir que accedan a información pública. Que non se saiba en que situación se atopan os centros para impedir que se denuncie a falta de recursos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou ou vai adoptar a Xunta de Galiza para dotar os centros de Lugo dos recursos que precisan e garantir a máxima calidade educativa ao seu alumnado, especialmente a aquel con NEES?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de outubro 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2024 11:48:38

Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/10/2024 11:48:47

Cristina Fernández Davila na data 18/10/2024 11:49:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Ramón Fernández Alfonso e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de corrixir as deficiencias do servizo de transporte público por estrada nas liñas A Coruña-Betanzos e A Coruña-Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público en autobús na comarca das Mariñas vén sufrindo unha notable diminución na calidade dende o cambio de empresa prestadora do servizo producido logo da última adxudicación, nomeadamente nas liñas correspondentes a A Coruña - Betanzos, e A Coruña – Ferrol, cuestión xa tratada noutras ocasións e que continua con deficiencias.

Nestas liñas as queixas son recorrentes: falta de prazas, nula ou deficiente información, incumprimento de frecuencias ou horarios que non se adaptan ás necesidades reais das persoas usuarias.

Ante a evidencia da reincidencia da denuncia pública, a Xunta de Galiza procedeu a realizar algúns cambios puntuais, mais na práctica non solucionaron a problemática.

No tocante á liña A Coruña - Betanzos, as paradas non contan con ningún tipo de información e a que se facilita a través da web non se corresponde coa realidade, polo que a veciñanza non ten unha referencia clara nas frecuencias como si tiñan con anterioridade, algo que afecta sobre todo ás persoas de maior idade que se desprazan,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por exemplo, ao centro de saúde, ou a aquelas persoas que se desprazan a traballar aos polígonos industriais da zona. Noutras ocasións, sobre todo en horario de mediodía, cónstanos que quedan persoas sen poderen viaxar por falta de prazas.

As liñas A Coruña – Betanzos e A Coruña – Ferrol son unha alternativa de mobilidade colectiva sostíbel e necesaria para o estudantado que acode ás universidades, mais agora o horario dos autobuses non responde ás súas necesidades, o que os obriga a agardar máis dunha hora a apertura do centro ou chegar tarde a clase cada día, tomando a determinación de colleren as familias o vehículo privado a diario, coa problemática engadida aos problemas habituais de conciliación, xa que a opción de fixar residencia como estudante noutro lugar é cada vez máis inviábel debido ao alto prezo dos alugueres de vivendas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Que cambios vai acometer o goberno para que o alumnado que acode á Coruña e Ferrol a cursar estudos superiores dispoña dun servizo de autobús útil e acorde ao horario lectivo?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Ramón Fernández Alfonso

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/10/2024 12:19:09

Iria Taibo Corsanego na data 18/10/2024 12:19:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/10/2024 12:19:35

Paulo Ríos Santomé na data 18/10/2024 12:19:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Valcárcel Armesto e Luís Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado de conservación dos leitos fluviais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 9 de outubro, despois do paso da borrasca Kirk e após as inundacións e danos que se foron producindo por todo o País, apareceu colocado un panel na Ponte de Basa no concello de Rois, ao pé do río Rois ou Baleirón, no que se indica que se están a realizar actuación de conservación fluvial. Un panel que semella reutilizado dado o seu estado, sucio e con rascaduras importantes.

Un pouco máis abaixo deste punto xúntase o río que baixa desde Urdilde recollendo toda a auga do val, que abrangue o concello de Rois e incluso algúns cursos doutros concellos que verten nesta parte do monte, co que baixa de Buxán. Continúa un tramo e logo desemboca no río Sar na parroquia de Seira. Tendo en conta a grande acumulación de augas de chuvia que caen nunha grande extensión de terreo e os obstáculos que atopa posteriormente para a drenaxe, entre eles a ponte construída para o paso do AVE, é un lugar no que son frecuentes as inundacións. Isto foi o que sucedeu após o paso do temporal Kirk, deixando a zona asolagada.

Ademais da propia orografía do terreo e o percorrido dos diferentes leitos fluviais, tamén cómpre ter en conta que durante décadas non se realizou ningún labor de limpeza e mantemento nas marxes dos ríos, o cal podería permitir unha situación máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desafogada nestas bacías, aínda que non fose suficiente, evidentemente, no caso de precipitacións tan abundantes coma as que se produciron co paso do temporal.

Por iso a aparición deste panel, após o paso do temporal e as consecuentes inundacións, nunhas condicións que semella que leva tempo colocado provocou moitas preguntas entre a veciñanza, e incluso certo malestar.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

– É consciente o goberno galego da situación dos ríos do concello de Rois?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Valcárcel Armesto

Luís Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/10/2024 13:25:44

Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/10/2024 13:26:01

Luis Bará Torres na data 18/10/2024 13:26:17





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2024 10:25:41
Nº Rexistro: 13643
Data envío: 19/10/2024 10:25:41.030

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Tras o último informe a EAPN, preto de 690.000 persoas en Galicia, o 25 por cento da poboación, sofren risco de pobreza ou exclusión social.

Esta cifra supón que aumentou en 50.000 persoas máis que no último informe do ano anterior, con especial incidencia en nenos e mulleres e que alcanza ao 52 por cento dos fogares monoparentais. Isto supón que durante 2023 os indicativos de pobreza, risco de pobreza e exclusión social volveron a crecer na comunidade.

É mais, o índice AROPE, que descendera do 25,2 % ao 23,6 % no informe do ano 2023, repuntou agora crescendo dous puntos máis ata acada o 25,5 %.

Unha das connotacións do informe sinala que se teñen incrementado os índices de pobreza e de carencia material, pero non o indicador de baixo nivel de emprego. Isto significa que non chegar un traballo para saír do entorno da pobreza.

O dato é revelador xa que o feito de ter un traballo non nos afasta dos números de pobreza que se incrementan o cal indica un enraizamento da pobreza no tecido social, asumido como unha forma de vida.

A feminización da pobreza é outra das nefastas conclusións do informe, onde indica que estes indicadores de pobre e exclusión recaen nun 80 % en familias





monomarentais. Así como as mulleres pensionistas que tamén se ven atinxidas. O risco de pobre e exclusión social en mulleres crece do 25 ao 27,4 %. Recolle o informe que o 52,7 % monoparentais están en risco de pobreza.

Ter fillos, segue a ser un factor de empobrecemento en Galicia xa que crece a pobreza infantil nos fogares con menores: o 27,1 % están en risco de pobreza e exclusión social, fronte ao 24,3 dos que non teñen fillos. E por grupos de idade, os menores de 18 anos son os que presentan un AROPE máis alto.

No ámbito da pensións, o 48 % da poboación recibe unha pensión por debaixo do umbral da pobreza, que ao mesmo tempo están a axudar na redución da pobreza xa que hai 175.000 persoas que non caen na pobreza debido ás achegas das pensións. No que se refire á privación material e social severa, Galicia está no 8,2 % da poboación (a maior da toda a serie histórica, preto de 230.000 persoas, aínda que máis da metade que están nesta situación, non son pobres. É dicir, 122.000 persoas entraron en situación de vulnerabilidade, segundo EAPN.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son con exactitude as medidas que levou a cabo a Xunta de Galicia coa fin de erradicar as situacións de vulnerabilidade e pobreza que atinxen a 690.000 galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 18 de outubro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2024 10:25:41
Nº Rexistro: 13643
Data envío: 19/10/2024 10:25:41.030

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 19/10/2024 10:23:28

Paloma Castro Rey na data 19/10/2024 10:23:37

Elena Espinosa Mangana na data 19/10/2024 10:23:44

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46777

@PSdeG



CSV: BGRISJTB9387QX6Znr64
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Iria Carreira Pazos, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os recortes realizados na atención educativa dos pacientes pediátricos ingresados no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e do alumnado que precisa atención educativa domiciliaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro presta asistencia específica aos menores de 16 anos con problemas agudos de saúde mental, e é a segunda de Galiza.

A pesar de ter como referencia unha gran poboación, dende O Salnés, Pontevedra, Ourense, Verín e ata o Barco de Valdeorras, e ter sido dotado dende o primeiro día con docentes para atender ás e aos menores ingresados, na actualidade este alumnado non conta co profesorado e atención que figura precisar nos seus informes médicos. Trátase dunha vulneración clara dos seus dereitos que van a afectar de xeito importante ao seu desenvolvemento educativo, pero tamén a nivel persoal, para un alumnado que debe ser considerado o máis vulnerable que precisa maior apoio e reforzo.

Segundo recolle o artigo 25.2 do decreto 229/2011 será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

Esta unidade hospitalaria ten carácter pechado, na que os doentes non poden saír da mesma para asistir ás clases nos centros educativos ordinarios, é polo que os docentes deben desprazarse ata alí para darlle a atención debida.

Se temos en conta a aula creada no hospital nese andar, hai que dicir que ten unha dotación de profesorado pero debe atender a todas as e os menores ingresados no citado andar, dende doentes oncolóxicos, con trastornos de conduta alimentaria, saúde mental, etc. Efectivos que non son os suficientes para a atención que precisa o alumnado da propia unidade, como demostra que o anterior curso si que tiña asignados estes recursos propios.

Sen ter en conta a normativa, as persoas menores ingresadas na nova unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo levan sen docente dende o comezo de curso. Igual acontece co alumnado de Secundaria con patoloxías do ámbito psiquiátrico e oncolóxico que solicitan atención educativa domiciliaria e que están sendo derivados á docencia virtual, facendo caso omiso aos seus informes médicos onde especifica que esta debe ser presencial.

As familias, desesperadas imaxinando un curso perdido sen a atención educativa que precisan os seus fillos e fillas, están iniciando un conxunto de mobilizacións que van dende a denuncia ante o Defensor do menor ou a Valedora do Pobo, ata sumarse nas convocatorias de concentracións impulsadas pola Plataforma Galega en Defensa do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ensino Público e os distintos sindicatos do Ensino. Calquera cousa que lles permita visibilizar a súa grave situación e a falta de cumprimento da Lei por parte da Consellaría de Educación.

Parece unha burla cara as familias e alumnado máis vulnerable que o Conselleiro de Educación, e mesmo o Presidente da Xunta, saian nos xornais e no Parlamento a gabarse de ter este curso a maior dotación de profesorado da historia. Unha clara deformación dos datos e da situación que estase a vivir en todo o País, non só nos centros educativos, como demostra esta iniciativa.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando se vai producir esa dotación de persoal docente na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil de Vigo do Hospital Álvaro Cunqueiro, así como as doentes que permanecen no seu domicilio, que lle reclama tanto o persoal sanitario coma as propias pacientes e as súas familias?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Iria Carreira Pazos

Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/10/2024 09:04:51

Iria Carreira Pazos na data 21/10/2024 09:05:02

Carmela González Iglesias na data 21/10/2024 09:05:15

Alexandra Fernández Gómez na data 21/10/2024 09:05:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/10/2024 09:05:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a residencia de maiores de Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia de maiores e centro de día de Arteixo pertence á rede de centros de atención de maiores do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar da Xunta de Galiza, e está xestionada por unha UTE entre COGAMI, SIAD 24 Galicia, S.L. e Combina Social, S. L., e foi cedida á Xunta de Galiza pola Fundación Amancio Ortega, ademais de contar coa colaboración do Concello de Arteixo.

A residencia de Arteixo conta con 64 residentes, 42 no centro de día, que é o único público do Concello de Arteixo e cun total de 52 traballadoras. Esta residencia atópase, de xeito semellante a outras do país, nunha situación precaria. Por unha banda, estanse a recibir residentes que non son maiores e que teñen unhas particularidades especiais (nomeadamente, persoas con problemas de saúde mental), mais tamén atende grandes dependentes, que na actualidade están mesturados e mesturadas con estoutro tipo de residentes, que teñen outro tipo de necesidades. Esta situación resulta problemática tanto para o persoal como para o resto de residentes.

Ademais de formar o persoal para que poida prestar unha atención axeitada nesta nova situación, é preciso incrementar os medios estruturais, materiais e do propio persoal, para atender as persoas con este tipo de problemas, que impidan a mestura cos residentes maiores dependentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade, ademais de que as cifras de persoal non son suficientes para atender as necesidades dos e das residentes, estanse a detectar problemas de acoso laboral que se poden verificar tanto pola mobilidade de traballadoras e traballadoras como polo gran número de denuncias xudiciais.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten coñecemento o goberno galego da situación da residencia de maiores de Arteixo, nomeadamente no que se refire aos protocolos de actuación e á administración, especialmente no ámbito laboral

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 21/10/2024 10:01:26

Olalla Rodil Fernández na data 21/10/2024 10:01:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe de risco de pobreza e exclusión social do 2023 de Galiza aporta datos que non son positivos en canto á porcentaxe de galegos e galegas que sofren esta lacra, aumentando en número con respecto ao ano anterior, chegando ao 25,5%, cun crecemento de 50.000 persoas que se atopan nesta situación de precariedade. Na actualidade está comprobado que o risco non ten sempre relación co desemprego, xa que unha boa porcentaxe desa poboación está a desenvolverse profesionalmente, pero non ten capacidade para saír desa situación cos ingresos que percibe.

Se nos fixamos no caso das mulleres, a media é superior á xeral no caso do risco de pobreza e exclusión social, chegando ao 27,4%, de xeito que a protección desta parte da poboación debería ser tomada en conta de xeito particular con medidas concretas dirixidas a este grupo social, onde están nestas condicións de vida 384000 persoas, á comparanza co 23,5% de homes afectados, con 305000, existindo catro puntos porcentuais de diferenza entre xéneros. É derivado disto que os fogares a cargo de familias monoparentais, que están formados no 80% dos casos por proxenitoras, se atopan nun estado alarmante na actualidade, con necesidade urxente de medidas que traten de reverter o risco no que se atopan o 52,7% das familias monoparentais galegas, superando cada informe os datos do anterior, cunha tendencia negativa que agrava ano tras ano a situación daquelas que se atopan á fronte de familias en solitario, de xeito voluntario ou sobrevido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non só sofren as familias monoparentais, nos fogares onde hai presenza de menores os índices de risco superan a media en máis de dous puntos porcentuais con respecto ás familias sen crianzas ao seu cargo, chegando ao 27,1%, dato que aclara que a presenza de menores ao cargo agrava a situación de pobreza e exclusión social, sendo un factor empobrecedor segundo os propios informes, polo que a atención cara esta parte da poboación debe ser prioritaria por parte do goberno.

É evidenciada tamén, esta tendencia dos fogares nos que hai menores, cos datos de PMSS, que nestas familias chega ao 10,2%, máis de catro puntos superior que no caso das familias nas que non hai menores ao cargo, dando coma resultado unha media xeral que aumenta segundo os datos de informes anteriores, con cifras de 8,2%.

É deste xeito como, os menores de 18 anos son os que máis alto índice de risco ostentan por idades, dato moi preocupante se se ten en conta que a pobreza se perpetúa nunha alta porcentaxe de casos estendéndose dende a infancia e mocidade ata a idade adulta, condenando ás nosas crianzas e adolescentes a unha idade adulta complicada xa dende moi cedo. Un dato relevante é que a privación material e social severa máis alta por idades é en nenos, nenas e adolescentes, acadando un 12,4%, que indica a elevada vulnerabilidade deste sector da poboación, onde a media xeral é do 8,2%, cunha subida de dous puntos con respecto ao informe anterior.

É evidente que precisamos medidas urxentes e que cheguen á poboación, medidas transversais onde os máis vulnerables sexan o obxectivo, xa que a pobreza aumentaría a máis do dobre (46,6%) sen medidas que traten de paliar. Máis debemos ser conscientes de que, na actualidade, o impacto das axudas chegadas das distintas administracións sobre esta situación se reduciu á metade, co cal os esforzos deben ser maiores por parte de todas elas, nun intento de que as cifras se revertan e non se perpetúe a pobreza ou o seu risco naquelas persoas que a sofren.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Consellería de Política Social, ao abeiro destes datos, que as políticas que se están levando a cabo e as medidas tomadas son suficientes para reverter a situación na que nos atopamos?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2024

Asdo.: Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 21/10/2024 10:30:12

Olalla Rodil Fernández na data 21/10/2024 10:31:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Ariadna Fernández González e Ramón Fernández Alfonso, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a creación do Plan MEGA pola Consellaría de Educación, como medio de contratar docentes dándolles ocupacións estruturais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de setembro o PP aprobaba no Consello da Xunta de Galiza, a proposta da Consellaría de Educación, o Plan de Mellora Educativa Plan MEGA, con varios obxectivos, segundo o Goberno galego:

- Reforzar os centros educativos con 400 docentes adicionais para mellorar o éxito escolar, a inclusión e o desenvolvemento integral do alumnado.
- Incrementar o nivel de competencias clave do alumnado e personalizar o apoio educativo.
- Impulsar medidas específicas de atención á diversidade, reforzo das competencias lectora e matemática e para o alumnado estranxeiro.
- Mellorar as eivas detectadas nas avaliacións de diagnose.
- Promover os proxectos referentes en áreas como a promoción da igualdade, a convivencia, o benestar emocional ou a sustentabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que Rueda vendía en rolda de prensa, nada máis rematar o Consello, sobre este Plan era que implicaba unha modernización do ensino centrada en aumentar a eficiencia, a eficacia e a equidade para garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos.

Visto así, parece un gran Plan para resolver todos os problemas que ten o ensino na actualidade, pero nada máis lonxe. Porque se os centros galegos están sen os efectivos de docentes e especialistas que precisan é porque a mesma Consellaría que agora recorre a este Plan conseguido a través de Fondos Europeos, dous meses antes deste Consello de Goberno negaba a todos os centros escolares os efectivos de persoal que precisaban e solicitaban.

O Plan MEGA estrutúrase arredor de seis programas distintos, en diferentes etapas desde infantil ata FP básica pasando por primaria e ESO para dar cumprimento aos obxectivos antes enumerados. Proxectos como:

- Promociona (apoio, participación e promoción do alumnado NEAE),
- PROA+ (reforzo, orientación e apoio),
- reforzo da competencia lectora,
- reforzo da competencia matemática,
- apoio educativo para o alumnado estranxeiro e
- impulso de centros referentes.

Os Programas Promociona e Proa+, serían polo tanto os que estarían destinados a unha maior e mellor atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellería de Educación, utilizou o Programa Promociona a primeiros de setembro para contratar docentes que, segundo os fondos europeos conseguidos, debían ser destinados co fin expreso da atención ao alumnado NEAE, e pola contra, moitos deles foron asignados para cubrir postos vacantes con funcións ordinarias nos centros educativos, como son as titorías en aulas de infantil ou primaria. Polo tanto os fondos do Plan MEGA foron empregados indebidamente.

Os 159 postos de traballo ofertados o día 9 de setembro dende o MEGA, máis 4 ofertados o día 10, non seguen criterios de ningún contrato programa, como o Proa+, e son adxudicacións de postos de traballo, como xa foi denunciado pola CIG-Ensino estes días. Deste xeito desviaban fondos que deberían destinarse ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, dentro do programa de inclusión educativa financiado con máis de 3 millóns de euros pola Unión Europea a través do Ministerio de Educación.

A trama estaba ben orquestrada. Uns fondos que estaban habilitados dende o 1 de setembro pero os contratos non se formalizaron ata o pasado 9 de setembro e por si a tardanza no nomeamento fose pouca, atácanse os dereitos laborais do persoal docente ao nomealo até o 30 de xuño no lugar de 31 de agosto. Isto pode considerarse ilegal porque este profesorado non está a substituír a ninguén, pola contra realizan funcións ordinarias das súas especialidades. Ademais de producirse unha discriminación, xa que semanas despois estanse a adxudicar prazas para facer o mesmo traballo (docencia ordinaria propia das diferentes especialidades) e sen que tampouco haxa ningunha substitución, mais neste caso con nomeamentos até o 31 de agosto, como é o correcto.

31 de agosto e desbotan os acordos previos de 2012 que asumían que o persoal que traballara no curso máis de 5,5 meses rematarían o 31 de agosto.

Esta é unha práctica habitual do PP no Goberno da Xunta na que, incluso nos casos de substitucións para todo o curso escolar, a administración educativa, unilateralmente, decide que o remate dos contratos sexa con data 30 de xuño, usurpando así o custo dos docentes no verán, deixando ademais funcións sen realizar durante o mes de xullo nos centros, para finalizar o curso e preparación do seguinte.

Este Plan MEGA que inventaron para poder optar a estes 18 millóns de euros de fondos europeos, é un fraude en toda regra. Non só están a incluír programas que xa existían estes últimos anos, como o Proa+, senón que ademais están a usalo en prexuízo do colectivo docente que tanta falta fai nos centros educativos.

Mentres o Sr. Rodríguez e o Sr. Rueda, venden o maior número de profesores/as da historia, dos 163 contratos realizados mediante o Programa Promociona, 121 teñen contrato a xornada completa, pero 42 (o 26%) tan só traballan a media xornada. Sabendo que centos de escolas en todo o País reclaman persoal especialista para o alumnado NEAE, queda evidenciado a falta de empatía e humanidade das persoas que dirixen Galiza e o ensino público fronte a un problema tan grave que teñen as familias con fillos e fillas nesta situación. Familias que ven como pasarán un curso completo sen a atención que precisan, usando os centros como meras garderías.

A comunidade educativa: direccións, docentes, familias e mesmo o alumnado vai participar masivamente nunha gran mobilización en Santiago convocada para o vindeiro día 26, porque entende que non é de recibo que mentres os centros e o seu alumnado carecen dos docentes e especialistas precisos o Conselleiro e o Presidente da Xunta, a conta do persoal docente contratado en precario e da falta de atención do alumnado máis vulnerable, dedícanse á propaganda e a gabarse dunha fantástica xestión para que Galiza conte con maior número de profesorado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta convocatoria, organizacións que conforman a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, entre outras a CIG-Ensino, ANPAS Galegas, ERGUER, Asociación Socio-Pedagóxica Galega/AS-PG), queren pór de manifesto que a situación do ensino público non fixo máis que deteriorarse nos últimos anos con menos docentes, unha precariedade laboral que obriga a ter máis materias afíns e docentes compartidos por varios centros, menos especialistas para a atención á diversidade, máis burocracia e menos recursos públicos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1- Por que non se contrataron os efectivos incluídos no Plan MEGA con data de 1 de setembro, cando se habilitaron os fondos europeos?

2.- Vai a Consellaría de Educación rematar coa discriminación e precariedade ao que está sometido o persoal docente, ampliando as datas do seu contrato a cursos completos, é dicir entre o 1 de setembro e o 31 de agosto, para garantir os seus dereitos laborais, cumprindo o acordado a respecto de que si traballa máis de 5,5 meses cobra o verán?

3.- Vai adaptar os contratos á finalidade dos Programas que desenvolva a Xunta, cando proveñan de financiamento doutras administracións públicas a través de subvencións?

4.- Vai dotar con efectivos docentes e especialistas o cadro de persoal ou catálogo dos centros educativos, de xeito estable, suficientes para a atención que determinen os informes individualizados elaborados polas orientadoras/es con respecto a cada alumno/a con necesidades específicas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5- Vai a aumentar a partida orzamentaria no 2025 para poder asumir o incremento de profesorado e especialistas, garantindo os seus dereitos laborais, onde sexa preciso nos centros educativos do País para unha boa atención de todo o alumnado?

Santiago de Compostela, 21 de outubro 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/10/2024 10:48:41

Ariadna Fernández González na data 21/10/2024 10:48:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/10/2024 10:49:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Paulo Ríos Santomé e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre seguridade nos autobuses de transporte escolar na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Federación provincial de ANPAS Costa da Morte trasladounos varios problemas que levan preocupando e moito aos pais e nais do alumnado relacionados co transporte escolar. Por unha banda, seguen sen adaptarse os horarios dos autobuses cos horarios das aulas de ensinanza postobrigatoria nos centros IES Agra de raíces, IES Fernando Blanco e IES Terra de Soneira, e así nos atopamos con alumnos de Fisterra que teñen permiso de Inspección para chegar tarde e saír antes das aulas, debido a esa falta de transporte con horarios adaptados aos do instituto. Unha autorización oficial que tamén afecta aos que veñen de Mazaricos ou Carnota, localidades a uns 20 ou 30 quilómetros de Cee. Os luns hai xornada partida, con clases até as 18.30 horas. Pero o último bus sae media hora antes da estación, polo que non queda máis remedio que saír en tromba do instituto 40 minutos antes que os seus compañeiros e profesores. E os martes e xoves nin sequera hai transporte para asistir ás clases da tarde dende Mazaricos.

E por outra banda, hai liñas de autobuses, con mais demanda que oferta, como ocorre cos autobuses que saen de Fisterra, onde se mesturan alumnos, con outros colectivos con tarxeta gratuíta e con peregrinos que volven a Santiago. Precisamente ocorre a partir da aprobación da Resolución do 8 de febreiro de 2019, da Dirección





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xeral de Mobilidade, pola que se dera publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de xaneiro de 2019 e polo que se autorizaba a integración das diferentes modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galiza para facilitar a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación do Plan de Transporte Público de Galiza.

En dita disposición garántese a atención prioritaria dos colectivos de escolares, mantendo e mellorando os niveis de calidade e prestación de servizos preexistentes, dando así cumprimento aos mandatos do artigo 79.2 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, e facilitando que a rede de transporte público regular de uso xeral presente unha oferta real alternativa ás diferentes redes dedicadas a colectivos singulares como o escolar, que actualmente mantén a Xunta de Galiza, mais a realidade é outra, pois dende hai tempo os autobuses veñen cheos e os escolares teñen que ir de pé no autobús todo o traxecto, incluso cando saen dúas liñas ata Cee.

Normativa como o Real Decreto 443/2001 do 21 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores, ou o Real decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu artigo 117 establece a obrigatoriedade de uso por parte dos pasaxeiros de máis de tres anos de idade do cinto de seguridade ou outros sistemas de retención homologados nos vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas, cintos que deben estar dispoñibles en todos aqueles autobuses que fosen matriculados a partir de outubro de 2007, regulan as condicións de seguridade no transporte escolar, xunto con outros Reais Decretos, leis e Resolucións da Dirección Xeral de Mobilidade.

Máis é certo que o artigo 48.1.b) do regulamento xeral de circulación establece que “b) Para os vehículos que realicen transporte escolar e de menores ou que transporten mercadorías perigosas, reducirase en 10 quilómetros por hora a velocidade máxima fixada no parágrafo a) en función do tipo de vehículo e da vía pola que circula. No caso de que nun autobús viaxen pasaxeiros de pé porque así estea autorizado ou no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso de que o autobús non estea dotado de cinto de seguridade, a velocidade máxima en vías convencionais será de 80 quilómetros por hora.

Cando cremos que nun vehículo de transporte de persoas, parece que todas elas deberían ir sentadas e levar o cinto de seguridade, pois a realidade nos demostra que non, que estas poden ir de pé, como se si ocorre no transporte urbano. E isto pasa porque o goberno da Xunta permite que nalgúns casos nos autobuses de 50 prazas poidan ir persoas de pé, sen ningún tipo de mecanismo de seguridade que impida moverse en caso de accidente. Esta situación dase na Costa da Morte e os pais e nais a veñen denunciando dende hai moito tempo, sen que a consellería adopte unha solución, dándose unha situación que nunca debiera pasar, pois os contratos públicos de transporte obrigan a reservar as prazas dos escolares no autobús, porque cobran por elas, e polo que estes deberan ter sempre praza nese transporte mixto. A Garda Civil de Tráfico ten parado varias veces o autocar pero tivo que deixalo continuar a súa ruta tras comprobar que conta con toda a documentación necesaria para transportar viaxeiros de pé, a pesar de non estar adaptado para iso. Pode corroborara calquera estes feitos solicitando a información oportuna no destacamento de tráfico de Corcubión.

Existe un “Manual de Bos Hábitos para as Persoas Usuarias do Transporte de Escolares” como unha guía didáctica, un recordatorio de medidas para a seguridade de todas as persoas usuarias e, sobre todo do alumnado que acoden aos centros escolares, que se concreta nos protocolos de bos hábitos para que todas as persoas que se desprazan a diario sexan conscientes de que forman parte desta cadea de valor que, como cidadanía responsable, deben compartir para previr riscos en beneficio do benestar de todos/as. Pero o mesmo manual debiera aplicarse a todos os usuarios, acudan á escola obrigatoria ou non, porque ademais de ser recomendable, tamén é obrigatorio de acordo coas disposicións do RD 443/2001 do 21 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Ten constancia a Consellería de Educación das autorizacións outorgadas polas direccións dos centros de ensino para que o alumnado chegue tarde ou saia antes do remate das aulas para chegar a tempo aos autobuses que os levan de volta aos seus domicilios?

- Que medidas vai a tomar o goberno galego de forma inmediata para solucionar os problemas de adaptación dos horarios das liñas de autobuses cos horarios dos centros ensinanzas non obrigatorias?

- É consciente a Consellería de educación de que na costa da morte hai autobuses nos que hai días que o alumnado vai de pé nos autobuses?

-Que accións vai adoptar a consellería para evitar esta situación que provoca inseguridade nos escolares e nos usuarios? Vai o goberno a modificar a normativa galega para prohibir que os usuarios de transporte interurbano poida ir de pé nos autobuses?

Santiago de Compostela, 23 de outubro 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Paulo Ríos Santomé

Cristina Fernández Davila

Deputados e deputada do G.P. do BNG





Cristina Fernández Davila na data 23/10/2024 09:45:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación do ensino público en Ames.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O curso escolar 2024-2025, fronte ás declaracións feitas polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, comezou con multitude de eivas e problemáticas, co consecuente malestar e protestas de toda a comunidade educativa galega. Recortes no ensino que se traducen en faltas de profesorado en todas as etapas educativas e que provocan aulas masificadas, que sofren persoal e alumnado, sobre todo o alumnado con necesidades educativas especiais. Unha situación que afecta a toda a Galiza, e na que o concello de Ames non fica inmune.

O CEIP Ventín é un dos centros máis grandes de toda Galiza con aproximadamente 600 alumnas matriculadas, mais non conta con espazo para habilitar novas aulas, e atópase a estas alturas do curso nunha situación próxima ás 26 alumnas por aula en todas as etapas educativas. Este centro ademais continúa recibindo novas matrículas e, todos os anos, recibe un número importante de alumnado novo durante o transcurso do ano lectivo, especialmente ao comezo do ano ordinario. Alumnado procedente doutros países, en moitos casos con dificultades idiomáticas, que precisa dun apoio, xa non educativo, senón tamén emocional polas situacións complicadas que atravesas. O centro ten perfectamente cuantificado a necesidade de incrementar o cadro de persoas con, cando menos, 7 profesoras máis para atender debidamente a todo o alumnado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A demora na construción do CEIP do Milladoiro repercute directamente sobre estas crianzas e profesionais, que se atopan con aulas completamente masificadas, superiores por suposto a calquera rateo establecido. Mais tamén sofren un servizo de transporte escolar deficiente, xa que existen dúas liñas que contan cun servizo desdoblado que ocasiona desfases no seu horario, derivando en problemas para as familias e o seu dereito á conciliación.

No CEIP Agro do Muíño tamén precisan dun incremento do profesorado, cando menos dunha persoa, para poder apoiar ao alumnado que precisa un reforzo educativo sobre todo nas materias de matemáticas e linguas, nomeadamente no caso de crianzas con necesidades educativas especiais. Desde o mes de agosto, este centro está recoñecido como un centro de liña 3 en Primaria, polo que lle correspondería un 3º especialista de Educación Física, que a Consellería tampouco proporcionou.

Necesidade de profesorado que tamén presenta o CEIP de Barouta, con rateos sobrepasadas en practicamente todas as etapas educativas. A pesar de telas solicitadas, aínda son precisas 5 mestras, unha especialista en Lingua Inglesa, unha en Audición en Linguaxe, así como unha administrativa e unha orientadora a tempo completo, pois actualmente atópase a media xornada.

Mais as problemáticas non se limitan á educación primaria. No IES de Ames tamén se atopan nunha situación de saturación nas aulas. A matrícula no centro a estas alturas do curso escolar supera as 850 alumnas, e isto tendo en conta que podería moi superior se unha boa parte do alumnado de primaria non optase por matricularse en centros de concellos veciños, fundamentalmente Brión e Santiago. O centro, de liña 6, conta con 6 cursos en 1º da ESO cunha media que se sitúa arredor das 30 alumnas por aula, o que ademais do deterioro da calidade educativa e as dificultades na convivencia, supón un atranco na adaptación do alumnado a esta nova etapa educativa. Ademais, o departamento de Orientación móstrase claramente desbordado ante tal volume de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alumnado, ademais de que este centro só conta cunha especialista en PT, pero ningunha en AL.

Ademais, dáse a característica de que este IES, o único do municipio, adoece dunha falta de oferta de Formación Profesionais, pois só ofrece dous ciclos de FP básica, polo que obriga ao alumnado que escolla este tipo de formación a matricularse noutros fóra de Ames.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopan os centros de ensino de Ames?
- Por que non realizan os reforzos dos cadros de persoal destes centros de ensino?
- Por que manteñen unhas rateos tan elevadas nas aulas?
- Considera que están ben atendidas as necesidades do alumnado? E do alumnado con necesidades educativas? Considera o goberno galego que o profesorado dos centros de ensino de Ames ten unhas condicións óptimas para desenvolver o seu traballo?
- Vai rectificar a Consellería de Educación e incrementar os cadros de persoal?
- Cal é o motivo polo cal aínda non está construído o CEIP do Milladoiro? Cando prevé o goberno galego a súa posta en funcionamento
- Considera que é necesario un novo IES neste concello? Existe algunha previsión ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cal é a razón pola que non se está a garantir o correcto funcionamento do transporte escolar en Ames?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/10/2024 13:12:00

Cristina Fernández Davila na data 23/10/2024 13:14:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as medidas da Xunta de Galiza que eliminan a obrigatoriedade de acreditar o nivel de lingua galega para optar á contratación laboral temporal da mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas pasadas semanas vimos como o informe do IGE a respecto do uso e coñecemento do galego mostraban o peor dato da historia no noso país desde que estes se contabilizan.

Por primeira vez na historia o galego non é a lingua máis falada no noso país e isto débese a moitos factores, pero sen dúbida ás políticas contra a liberdade da nosa lingua do Partido Popular.

Para darlle a volta a esta situación, o Bloque Nacionalista Galego leva anos propoñendo medidas amplas e concretas en materia de política lingüística. Medidas entre as que se atopan a promoción e posta en valor do galego no eido administrativo.

Pese a isto e pese ao continuo voto en contra por parte do PP a calquera proposta do BNG en materia de lingua e pese a situación que está a vivir a nosa lingua o goberno da Xunta de Galiza continúa a levar a cabo medidas que atacan a lingua dos e das galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste caso, estamos a falar da obrigatoriedade de acreditar o nivel de lingua galega para optar á contratación laboral temporal da Xunta de Galiza e que o Partido Popular a través da Lei de Acompañamento vai retirar.

Estamos polo tanto, ante unha nova política do PP contra a nosa lingua e que ataca tanto á liberdade de poder empregar o galego co persoal traballador da Xunta de Galiza como á igualdade e prestixio entre o castelán e o galego. Unha medida que ademais vulneraría o dereito da cidadanía a usar o galego nas súas relacións coa Administración pública de Galiza, recollido no artigo 6 da Lei de normalización lingüística, en canto non poderán comunicarse con persoal da Xunta na lingua propia de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Vai a Xunta de Galiza retirar de xeito inmediato da Lei de Acompañamento a eliminación da obrigatoriedade de acreditar o nivel de lingua galega para optar á contratación laboral temporal da Xunta de Galiza?

- Considera a Xunta de Galiza que isto é unha medida que promove a igualdade da lingua galega?

Santiago de Compostela, 23 de outubro 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Taibo Corsanego

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/10/2024 13:23:06

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/10/2024 13:23:36

Iria Taibo Corsanego na data 23/10/2024 13:24:14

Mercedes Queixas Zas na data 23/10/2024 13:24:26





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas no seu artigo 21 de modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece que se modifica o apartado 1 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactado como segue:

“1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

- a) Cancelación de oficio nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2025, nos casos seguintes:
 - 1.º Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.
 - 2.º Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo con o establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
 - 3.º Montes que non consigan os fins para os cales se subscribiu o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.”

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arboredo existente ocupe unha superficie inferior ao 30 % da total do consorcio ou convenio, excepto por afectación de incendios forestais posteriormente á



data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais a superficie arborizada queimada considerárase como superficie arborizada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30 %.

A efectos do cómputo do devandito 30 % non se contabilizará o arboredo cunha idade inferior aos cinco anos.

“b) Finalización nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2025, momento no que se deberá asinar un contrato temporal de xestión pública que substitúa ao consorcio ou ao convenio finalizado.”

No caso de que non se formalice o devandito contrato no prazo establecido, a persoa titular do monte deberá abonar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma. Para iso, poderá abonalo nun único pago ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de que non se produza o abono total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos na presente lei.

Previamente á finalización ou cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal dos previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, que garanta a continuidade da xestión forestal sostible”.

O Goberno galego leva atrasando a obrigatoriedade de formalizar os contratos temporais de xestión pública desde o ano 2015, (disposición transitoria novena. Montes con consorcios ou convenios coa administración. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 16:42:14
Nº Rexistro: 13732
Data envío: 24/10/2024 16:42:14.102

Prorrogando unha e outra vez esta finalización, como sucedeu entre outras coa Lei 11/2014, do 19 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, onde o prazo máximo se prorrogou de tres a catro anos. Polo artigo 54 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, onde este prazo concluía o 31 de decembro do 2021. Coa Lei 18/2021 do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas no seu artigo 17, que no seu apartado b) fixaba a finalización nun prazo que finalizará o 31 de decembro de 2023, ou a lei anteriormente citada.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que pasos dou a Xunta de Galicia para aprobar os contratos temporais de xestión pública previstos na Lei 7/2012 de montes de Galicia, que garanta unha xestión forestal sostible?
2. Cando vai a Xunta de Galicia formalizar os contratos temporais de xestión pública?
3. Que cronograma de actuación prevé o Goberno galego para a formalización destes contratos en relación coas comunidades de montes veciñais en man común e coas persoas propietarias de montes protectores?
4. E co resto de persoas propietarias que figuran no apartado 1 do artigo 123 da Lei de montes de Galicia?

Parlamento de Galicia, 24 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46879

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQJ-8KDX9MMG-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 16:42:14
Nº Rexistro: 13732
Data envío: 24/10/2024 16:42:14.102

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/10/2024 12:17:35

Lara Méndez López na data 24/10/2024 12:17:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

46880

@PSdeG



CSV: BGRSTB93-8KDX9MMG-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión Permanente non Lexislativa da Corporación da Radio e Televisión de Galicia**.

A televisión de Galicia, segundo informaba un medio dixital, ordenaba aos redactores da delegación da Coruña que deixasen de incluír nas súas informacións os nomes dos acusados de matar a Samuel Luiz, cuxo xuízo se celebra na Audiencia Provincial da Coruña.

O mesmo informativo tamén expón que se lles indica aos traballadores do ente público que deben evitar tomar imaxes dos seus rostros, e de facelo deben editalas e difundilas, pixelando as súas caras para impedir que poidan ser identificados.

É importante destacar que segundo o mesmo medio, a tenor do exposto polos traballadores e traballadoras, esta estratexia coincidiría coa dun avogado defensor.

Hai aproximadamente un mes, é dicir unhas tres semanas antes da vista, varios traballadores da TVG recibiron unha circular sen cabeceira nin sinatura, baixo o título "Pautas de estilo para os informadores sobre o tratamento da imaxe", cuxo punto número 1 refírese precisamente aos xuízos e procesos xudiciais.

Destaca o persoal traballador que esta circular non foi recibida por todo o cadro, nin en todas as delegacións.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 16:43:23
Nº Rexistro: 13735
Data envío: 24/10/2024 16:43:23.367

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Indicouse por parte da CRTVG aos redactores e redactoras da delegación da Coruña, en relación co xuízo sobre a morte violenta de Samuel Luiz, que deixaran de incluír nos informativos os nomes dos acusados?
2. E que non gravaran ás persoas acusadas e de facelo editaran as imaxes pixelándooas?
3. Por que só os traballadores e traballadoras da delegación da Coruña recibiron instrucións neste sentido?
4. Que razóns motivaron esta actuación irregular por parte da dirección da CRTVG?

Parlamento de Galicia, 24 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/10/2024 16:37:33

Silvia Longueira Castro na data 24/10/2024 16:37:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os plásticos agrícolas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os plásticos agrícolas en Galiza, usados prioritariamente na conservación dos ensilados de millo e herba ou na plantación dos cultivos de horta, supoñen 8000 toneladas anuais, das cales se reciclan 6000, aproximadamente o 75% do total usado, nunhas instalacións de carácter privado destinadas a tal fin en O Cebreiro, O Pino, que comezaron a súa actividade en Galiza en 2006.

O Estado español está entre os 5 primeiros países europeos no mercado de plásticos agrícolas, supoñendo o 5% dos usados no estado, co que iso supón a nivel de residuos, tanto de xeito xeral, coma no concreto do noso país.

Na actualidade, os concellos do país asumen os custos do transporte destes plásticos agrícolas que se producen no sector agrogandeiro, entre 70 e 90 euros por tonelada, facendo recollidas periódicas, que en moitos casos son insuficientes para a elevada produción deste tipo de residuos, en especial en zonas eminentemente gandeiras, do noso territorio.

Entre o modo de proceder a este respecto dos municipios, predomina o acúmulo de plásticos en puntos fixos aos que se transportan dende o lugar onde se xeran para ser despois recollidos. Este tipo de xestión que ten eivas evidentes que todos os concellos recoñecen, unha delas e a máis preocupante é que se atopan moitos improprios á hora de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cargar os residuos e se converten en vertedoiros incontrolados ao comezar a xuntarse os plásticos moito antes do debido, realidade da que a propia Conselleira de Medio Ambiente foi consciente en visitas a zonas onde se daba este caso de xeito recorrente.

A recollida porta a porta dos plásticos agrícolas pode incrementar nun 15% o custo da xestión destes, máis é unha realidade por todos coñecida que se trata do mellor sistema para este caso, sen esquecer que algúns concellos xa a comezaron a levar a cabo, evitando as problemáticas derivadas dos puntos fixos, coa fin de levar a cabo o proceso do xeito máis rápido e con menos efectos indesexados a nivel medioambiental.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Prevé a Xunta de Galiza restablecer o plan de recollida de plásticos agrícolas subvencionando o servizo en beneficio dos concellos que se fan cargo dos custos na actualidade?

. Prevé a Xunta de Galiza a través da Consellería de Medio Rural garantir a recollida de plásticos agrícolas porta a porta?

. Prevé a Xunta de Galiza a través da Consellería de Medio Rural garantir a recollida de plásticos agrícolas 4 veces ao ano, incrementándoa a través de chamadas individuais por parte do sector agrogandeiro no caso de ser preciso?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas





Secundino Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 24/10/2024 17:13:58

Sonia Vidal Lamas na data 24/10/2024 17:17:52

Secundino Fernández Fernández na data 24/10/2024 17:18:34





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, foi vítima dun asasinato na Coruña despois dunha agresión homófoba nas rúas da cidade. Este asasinato provocou non só unha conmoción en toda a poboación senón tamén unha chamada de atención ao que está a acontecer en torno ao ataques homófobos que se producen cada vez con maior frecuencia na sociedade.

E foi precisamente a sociedade a que levou unha resposta inmediata con manifestacións en toda España na que se pedía “Xustiza para Samuel” e condenando a violencia homófoba que neste caso acabou coa vida dun rapaz de 24 anos.

Nun último informe do Ministerio do Interior os delitos de odio en España creceron un 23 % en 2023 respecto ao ano anterior. En Galicia das 123 infraccións por odio o 18,7 % débense á agresións sexuais.

Segundo os datos deste Ministerio, os ataques homófobos duplicáronse en Galicia nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante que require unha resposta firme e coordinada das institucións.

Esta terrible reincidencia é un indicativo de que é necesario programas e políticas que traballen desde o ámbito da pedagogía e da sensibilización dentro da normalización das orientacións sexuais da cidadanía. Insistimos unha vez





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 17:32:53
Nº Rexistro: 13747
Data envío: 24/10/2024 17:32:53,907

máis que a orientación sexual non poden seguir sendo o branco de agresións, vulneración de dereitos e delitos de odio.

É unha obriga dos poderes públicos formar parte activa da normalización dos dereitos da sociedade e traballar na rectificación de comportamentos anómalos que van contra a liberdade e a vida da cidadanía.

Por estes motivos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cal é o orzamento real que destinará a Xunta de Galicia para o traballo de prevención e sensibilización ante os delitos homófobos que están a incrementarse en Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 24/10/2024 17:30:26

Elena Espinosa Mangana na data 24/10/2024 17:30:35





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Fruit Attraction, feira internacional, celebrouse os días 8, 9 e 10 de outubro de 2024 en Ifema Madrid e os resultados, segundo os expertos, pasaron todas as previsións. Rompéronse récords de expositores, superficie e afluencia, a feira consolídase como referente en Europa.

No pavillón 7B situouse o pavillón da Axencia de Calidade Alimentaria da Xunta de Galicia. Un pavillón que non era tal, os produtos expostos eran escasos e só dúas persoas o atendían limitándose a entregar un formulario a aquelas empresas ou particulares que acudían á caseta, co fin de remitilo á Xunta de Galicia. Non se informou, en ningún momento, da riqueza e produtos que Galicia posúe e dos que pode ter nun futuro próximo.

Pola contra, os pavillóns españois das comunidades como Cataluña, Estremadura, Castela e León, rexión de Murcia, Andalucía, Canarias ou Valencia, realizaron unha perfecta exposición dos seus produtos, aproveitando a oportunidade que lles brinda a feira para xerar oportunidades.

Galicia desaproveitou este instrumento de promoción comercial co fin de potenciar as capacidades produtivas e comerciais dos nosos produtos agrícolas.

Outra oportunidade perdida para dar visibilidade aos produtores e empresas galegas, xerando coñecemento sobre a súa achega social e económica ao conxunto do país.





En resumo, a feira converteuse nun espazo que tería que ser moi relevante para consolidar relacións comerciais, reforzar a nosa posición no sector e presentar as novidades para a próxima campaña.

Fruit Attraction é o marco ideal para observar tendencias de mercados, intercambiar opinións con outros operadores do sector e captar novos clientes, sendo unha feira onde cobra protagonismo o contacto persoal e directo.

Debería, o Goberno galego, coidar e potenciar estas iniciativas para o sector, polo que as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración realiza a Xunta de Galicia da súa presenza na Feira Fruit Attraction celebrada no recinto de Ifema en Madrid, os días 8, 9 e 10 de outubro deste ano?
2. Realizaron unha memoria da actividade desenvolvida na Feira Fruit Attraction?
3. A que se debe que as persoas que atendían o pavillón non puidesen dar información aos visitantes?
4. Que produtos se exhibían no pavillón?
5. Non entende o Goberno galego que foi unha oportunidade perdida para o sector?
6. Que custo total tivo o pavillón?

Parlamento de Galicia, 24 de outubro de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 17:52:50
Nº Rexistro: 13751
Data envío: 24/10/2024 17:52:50.611

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/10/2024 17:50:42

Lara Méndez López na data 24/10/2024 17:50:53

CSV: BGRSTBDC8230XSLZaR-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46890

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 1ª**.

A finais de 2023 o Goberno galego anunciou o bono deporte como medida para o fomento da práctica da actividade física e deportiva entre a poboación en idade escolar. Que posteriormente foi aprobada por unha ORDE do 5 de decembro de 2023, para o ano 2024.

Para este fin destinaron unha partida orzamentaria de 16.120.000 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. Mediante a entrega aos menores con idade comprendida entre os 6 e os 16 anos, federado ou inscrito no programa Xogade.

Estes bonos tiñan un valor de 120 € que posteriormente se usarían como bono desconto do 80 % da compra ou servizo adquirido, cuxo importe total irase reducindo en función do valor da compra realizada (IVA incluído).

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai manter o Goberno galego o bono deporte para o ano 2025?
2. Vai modificar as bases reguladoras desta axuda?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2024 18:01:41
Nº Rexistro: 13755
Data envío: 24/10/2024 18:01:41.744

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/10/2024 17:49:34

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2024 17:49:45

CSV: B6P5T8B9C38UyX29GR4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46892

@PSdeG



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

